REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº84_Xullo_2010

Axenda Dixital 2014

A Rede común

INNOVACIÓN IGALIA
A empresa-equipo

47 CURSOS
O CNTG repasa a súa andaina máis recente

ALIANZA HP E CESGA
Futuro para os colexios rurais

CALIDADE EN INEO
Pulo internacional a 20 firmas galegas

CODIGOCERO.COM cumpre 9 anos de actividade na Rede

UNA VISIÓN INNOVADORA SOBRE LOS CENTROS DE DATOS

A partir de hoy, convergencia es mucho más que un nuevo concepto

En los últimos años, el presupuesto de TI se ha dedicado en un 70% a mantener la tecnología actual, y tan sólo el 30% de ese presupuesto a innovación. La nueva Infraestructura Convergente de HP permite cambiar este ratio, consiguiendo dedicar el 70% a inversión y sólo el 30% a gastos de operaciones y mantenimiento.

¿Quiere liberar el enorme potencial de sus sistemas de TI? Ahora es el momento. Las nuevas soluciones de Infraestructura Convergente de HP le permiten llevar a cabo una transición de modo rápido y sencillo desde tecnologías silos centradas en productos a infraestructuras altamente flexibles y convergentes capaces de ajustarse inmediatamente a las dinámicas y cambiantes necesidades de negocio, desplegando cualquier aplicación, en cualquier lugar y en cualquier momento. La Infraestructura Convergente de HP le permitirá:

- Transformar las TI en un motor para la innovación empresarial
- Detener la proliferación de silos de TI para trabajar de forma integrada
- Optimizar los recursos de TI para satisfacer la demanda del negocio

Tecnología para mejorar los Resultados de Negocio

Descubra cómo HP ayuda a las empresas a liberar el verdadero potencial de las TI y conseguir los mejores resultados de negocio en **www.hp.com/go/ci**

Copyright © 2009 Hewlett-Packard Development Company, L.P.

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
NÚMERO 84_Xullo_ 2010
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Os golpes de calor non só chegan directamente do ar, senón tamén do tecnolóxico. Os días do verán son días en que as cousas, dixitalmente falando, tanto poden saír moi ben como rematadamente mal. Isto depende, unha vez máis, non da propia tecnoloxía senón de nós mesmos. Os xeitos de enlearnos son múltiples e variados. Por exemplo: perdendo tempo procurando tarde de máis viaxes ou aloxamento, ou en páxinas web que máis que informar desinforman sobre que ver ou onde durmir. Tamén podemos meternos nunha boa enleada se nos dá por atender a algunha desas mensaxes que os sistemas de correo adoitan a meter de xeito conveniente no spam, e que de cando en vez (non se sabe ben como) foxen deste control. Cómpre telo en conta: calquera correo de xente ou entidades que non sexan cen por cen de fiar, cómpre tiralo á papeleira de contado. A outro nivel, o uso que lle deamos ao móbil estes días tamén require un estudo previo, sobre todo se imos ir de viaxe a países de fóra da Unión Europea e queremos manter contacto coa familia os amigos, ou conectarnos á Rede, e logo resulta que as condicións do servizo mudan nese país de xeito radical. Asemade, cómpre ter un pouco de tino extra nas redes sociais e estudar ben o que alí deixamos de nós mesmos. Isto a nivel persoal pode que non teña grandes consecuencias, pero a nivel empresarial semella que si, sobre todo no que se refire á perda de información de valor para a compañía, que nunha rede social goza dos mesmos coidados ca un balón nun partido de fútbol. Consellos sobre cómo debemos andar na Rede pódense dar moitos, e nas páxinas desta revista hai algún que outro, pero de tódolos xeitos, perante a dúbida, cómpre encomendarse a un recurso que vale igual para a vida previa á Internet como para a que veu despois: o sentido común.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 84

NOVAS

4 Resumo de actualidade, de e-comercio e de empresas relacionadas coas TIC

REPORTAXES

7 Empresas de Ineo reciben recoñecementos internacionais pola súa innovación
8 O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia fai reconto dos froitos acadados na súa andaina
9 Entrevistamos a parte do equipo de Igalia, empresa galega punteira do software libre
10 Arteixo Telecom renova a súa páxina web, máis próxima a clientes e socios
13 A Administración Electrónica afórralle millóns de euros aos concellos de Lugo
14 CESGA e HP a prol das escolas rurais galegas
16 Caixa Galicia pon en marcha un portal sobre voluntariado
17 O Cluster TIC organizou en Santiago a xuntanza Vindeira Capital Network
18 Todo listo para a marcha de discapacitados no Camiño con todo tipo de TICs
26 O Goberno galego porá en marcha 160 centros educativos plurilingües
28 Adicións Dixitais informa: os nenos galegos están cada día máis na Rede
29 Escolmamos a innovación galega máis salientable do mes
32 A cultura galega segue a afianzar posicións en Internet
34 Repaso polas novas tecnoloxías que axudan a ter un mundo máis limpo
37 Curiosidades acerca do sistema de comunicación do iPhone 4

ESPECIAL AXENDA DIXITAL

19 Un plan para levar redes a tódolos recantos
20 Entrevistamos a Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización
23 Ampliación TIC da Cidade da Cultura
24 Modernización apoiará aos Concellos na súa dixitalización
25 Retegal comezou a equipar de infraestrutura as zonas brancas da nosa xeografía

XOGOS

36 Escolma dos videoxogos máis salientables do mes

GADGETS

37 Recomendamos os mellores trebellos para o tempo da calor

Galicia medra en banda larga, segundo a CMT

A nosa terra segue a medrar en presenza de banda larga, aínda que se cadra non tanto como sería desexable, e principalmente no rural. Segundo apunta estes días Xornal.com reflectindo datos da Comisión de Mercado das Telecomunicacións, o noso país ten unha taxa de medre de liñas de banda larga do 12,2%, superada por Melilla (cun salientable 23,4%) e Nafarroa (cun 13,3%). Porén, a relativamente boa porcentaxe no que se refire a crecemento non acada as mesmas cifras no que atinxe a situación actual das redes. De feito, seguimos a nivel de penetración nos postos da táboa onde fai frío nin calor, cun índice que por provincias é do 18,4 na Coruña e (no punto contrario) do 13 en Ourense. No resto do Estado, a táboa estaría encabezada por Madrid, con 26,2 liñas por cada 100 habitantes, seguida de Catalunya (con 24,2), Balears (23,1), Euskadi (22,4), Canarias (22,2) e Asturias (21,7).

Polo que respecta ao cable, dicir que o nivel medo de presenza foi de 4,1 liñas para cada 100 habitantes, practicamente o mesmo que no ano anterior. Pola influenza dos operadores de cable que alí despregan o seu traballo, Euskadi lévase a palma cunha taxa do 9,6, seguida de Asturias cun 8,5 e Cantabria cun 8,5. Polo que atinxe á banda larga achegada por compañías alternativas a través do desagregamento de bucles, as porcentaxes máis elevadas foron para Madrid e Catalunya, con cifras do 20,4 e do 19,6, respectivamente. Os operadores de cable acadaron unha boa porcentaxe en Asturias (co 44% do total), Euskadi (co 43,7), Cantabria (co 39,6%) e Galicia (38,8%).

A Estrada Dixital amplía a súa oferta de rede a 3 megas de capacidade

A Estrada Dixital, servizo pioneiro en achegar acceso sen fíos para o noso rural, vén de introducir melloras nas súas achegas de internet. Segundo apuntou os días pasados a Fundación Cultural, entidade que xestiona dende o concello pontevedrés a dita iniciativa tecnolóxica, os usuarios da conexión que esta oferta poderán beneficiarse a partir do 1 de agosto dunha nova conexión con 3 megas de descarga de datos e 1,5 de subida. O servizo, que a día de hoxe permite a vida dixital de 2.300 usuarios a un prezo reducido, manterá o seu paquete básico de 1 mega de subida e baixada por 10 euros ao mes. Con todo, para quen queira subir aos 3 megas acabados de ofertar, cómpre sinalarlle que xa ten aberto o prazo para contratalo, sendo o único requirimento esixido presentarse nas oficinas que A Estrada Dixital ten no Edificio de Usos Múltiples do Concello.

O prezo deste novo servizo é de 18,90 euros ao mes, máis IVE.

As persoas que non requiran o medre na lonxitude de banda para acceder á Rede proseguirán mantendo o seu servizo básico de un mega e ao mesmo prezo previamente estipulado.

Segundo informou estes días o Concello (promotor deste servizo) e reflicten medios como El Faro de Vigo, os incrementos nas velocidades de acceso de A Estrada Dixital responden a unha demanda da cidadanía. Ao seu xuízo, as melloras permitirán unha conexión máis competitiva.

Por certo que as optimizacións da infraestrutura conseguíronse grazas a un acordo co operador galego R (que posibilitou aumentar a capacidade do fluxo de liña) e grazas tamén a unha liberación xeneralizada do espectro de radiofrecuencia e da lonxitude de banda que se viñan empregando a nivel interno, liberación que deixou marxe para que este espectro e lonxitude se puxeran a disposición dos usuarios.

Concello de A Estrada, na provincia de Pontevedra, onde esta empresa presta os seus servizos

En marcha un concurso musical en liña en homenaxe a Carvalho Calero

A Associaçom Galega da Língua (AGAL) e máis o portal de música en galego Komunikando.net veñen de pór en marcha un concurso en liña para recoñecer e promover a creatividade dos músicos da nosa terra que á súa vez recoñecen e promoven os valores culturais propios de seu. Segundo fan saber as entidades organizadoras deste certame, que xa está en marcha e do que xa podemos consultar as bases, a agrupación ou o artista que acade meirande repercusión recibirá un "estupendo premio". Este vai consistir nunha semana nun estudo profesional para gravar os temas que o gañador ou gañadores consideren oportunos, incluíndose a maiores tres días máis para as mesturas e a masterización do disco. A obra resultante incluirá a canción enviada ao certame, e atopará publicación a través de Creative Commons, licenzas que deixan marxe para a liberdade de uso sempre en cando se recoñeza a autoría.

O concurso, aberto a tódolos grupos e solistas de calquera estilo musical, é tamén unha homenaxe á figura de Ricardo Carvalho Calero, filólogo e escritor galego que salientou entre outras moitas cousas por ter impulsado e defendido o achegamento entre culturas irmás: a galega e a portuguesa.

Volvendo ás bases do certame, dicir que o único que teremos que facer para participar é enviarlle á organización unha canción en formato MP3, canción que logo aparecerá para libre escoita no Portal Galego da Língua (www.pglingua.org) e máis en Komunikando.net (**www.komunikando.net**).

codigocero.com cumpre nove anos de vida

O portal comezou unha nova andaina, con novo deseño e unha maqueta máis áxil, apostando amais polas redes sociais e polo aspecto gráfico

Nove anos, 3 287 días é a vida deste portal, que naceu o 25 de xullo do ano 2001.

Xurdido dun programa radiofónico, **codigocero.com** é hoxe na rede **o primeiro medio de comunicación de Galicia integramente en lingua galega**, o sexto medio de comunicación do pais tras os xornais e a CRTVG, e ocupa o posto 152.111 do mundo e o 2.928 de España (datos do 25 de xullo).

Con máis de 33.300 usuarios únicos, o noso portal é consultado diariamente por unha maioría de internautas que teñen estudos superiores, que o fan case na mesma proporción desde o traballo que desde o fogar, e case na mesma proporción de homes que de mulleres, iso si, no caso dos homes con idade menor de 45 anos e no das mulleres por riba dos 40 anos.

Código Cero é visitado mensualmente por máis de 250.000 internautas, cunha permanencia media no portal de 354 segundos, e que descargan máis dun millón cen mil novas cada mes. A estas espectaculares cifras únese o noso boletín, que reciben diariamente 2.884 subscritores de xeito gratuíto, o que fai que se eleve o número de visitantes a 320.000 mensuais (datos Advanced Web Statistics e mundiais Alexa).

Hoxe **Codigocero.com** é o referente das novas tecnoloxías e da sociedade da información do noso país. Está escrito no cen por cento en galego, aínda que conta con tradución automática ó castelán, e conta co apoio da súa irmá pequena, a revista Código Cero, que distribúe cada mes cinco mil exemplares en máis de 250 puntos de Galicia, e chega a preto de mil subscritores por correo ordinario e a preto de 3.000 por correo electrónico en pdf.

Responsables deste proxecto é un grupo de amigos e traballadores que levan nove anos nesta iniciativa, que comezou na súa web unhanova andaina, con novo deseño e unha maqueta máis áxil, máis dinámica e con novas seccións, apostando amais polas redessociais e polo aspecto gráfico, que pasan agora a ser máis visibles no portal.

Esperamos seguir contando co apoio dos nosos lectores e co de empresas, administracións, organizacións e asociacións, que manteñen este proxecto pioneiro en Galicia e en España e sen os cales non sería posible seguir.

Desexamos que este redeseño sexa do agrado dos lectores, e por suposto esperamos contar co seu apoio e coas súas suxestións, e agora máis co uso das redes sociais.

Mil grazas por estes máis de 3.300 días de traballo, esforzo e ilusión e o noso desexo de ter polo menos tres mil días máis na nosa lingua.

O equipo de Código Cero

A UVigo premia con portátiles os mellores expedientes de novo ingreso

A Universidade de Vigo, que nos últimos tempos leva traballando a reo para extender o uso das TIC en tódolos ámbitos da entidade facilitando este tipo de ferramentas en cada eido do ensino, vén de anunciar que, no marco dos seus premios á Excelencia Académica, distinguirá aos 50 estudantes de novo ingreso con mellor expediente académico no Bacharelato con cadanseu ordenador portátil, buscando así *"recoñecer a excelencia académica dende o primeiro intre"*.

O vicerrector de Alumnado, Docencia e Calidade, Ignacio Barcia, asegura que esta acción ten como obxectivo *"recoñecer aos estudantes que se esforzaron especialmente para chegar aquí"*.

Esta iniciativa enmárcase dentro das diversas actividades de difusión da excelencia académica e investigadora da Universidade de Vigo que, desta volta, quere recoñecer o traballo desenvolvido polos estudantes que son beneficiarios do premio de excelencia académica da Xunta de Galicia, por aqueles que gañen olimpíadas científicas e polos que teñan unha nota media no bacharelato igual ou superior a 8.5.

As axudas, ás que se poderá acceder a partir do vindeiro día 13 de setembro, están destinadas ao alumnado que se matricule por primeira vez en calquera das titulacións da Universidade. 30 dos premios irán destinados para aqueles que sexan seleccionados pola Xunta de Galicia co seu premio de excelencia; 10 serán para os gañadores (1º, 2º ou 3º) nas diferentes olimpíadas científicas que tiveron lugar ao longo do curso e, finalmente, outros 10 serán para os estudantes que acrediten unha puntuación igual ou superior ao 8.5 no expediente do bacharelato.

As asociacións TIC piden o apoio da Xunta para desenvolver o fogar dixital en Galicia

Os presidentes da Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC) e do Consello Territorial de ASIMELEC Galicia, José María López Bourio e José Ramón García respectivamente, veñen de reunirse coa secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, para facerlle chegar unha serie de propostas sobre o fogar dixital que ambas entidades consideran *"necesarias"* para potenciar o sector das TIC no noso país.

Trátase dun documento que contén unha serie de pautas a seguir para, coa axuda da Xunta de Galicia, "potenciar este importante sector en pleno crecemento de usuarios e no que o noso país conta con importantes empresas que desenvolven produtos, contidos e aplicacións".

O fogar dixital defínese como o lugar onde as necesidades da familia, en materia de seguridade e control, comunicacións, ocio, confort, integración medioambiental e accesibilidade, son atendidas mediante a converxencia de servizos, infraestruturas e equipamentos; en definitiva un lugar de servizos, "integrado e accesible".

É por isto que AGESTIC e ASIMELEC Galicia entenden o fogar dixital para o usuario como "un lugar de servizos que conta con acceso á solución dos problemas diarios a través do uso das TIC", así como un *"fogar seguro tanto respecto aos perigos habituais do fogar (auga, electricidade, gas…) como respecto á intrusión de persoas alleas"*.

Asemade, para os responsables das devanditas entidades, o fogar dixital tamén é *"un fogar controlado e comunicado"*.

Partindo desta premisa, ASIMELEC E AGESTIC propoñen:

-Crear un Centro demostrador tecnolóxico permanente do fogar dixital en Galicia, aberto a todos os produtos, servizos e tecnoloxías propios destes fogares e onde conflúen diferentes axentes, empresas, público e tecnoloxía.

-Crear un Observatorio do fogar dixital en Galicia que realice informes periódicos de vixilancia tecnolóxica do sector.

-Crear un Máster do Fogar Dixital así como cursos formativos a outros niveis non universitarios.

-Realizar tarefas de divulgación e difusión dirixidas á cidadanía sobre o concepto de FD e os seus beneficios.

-Crear un galadón para premiar ás mellores instalacións domóticas ou do FD, a fin de fomentar o desenvolvemento e uso desta tecnoloxía, etc.

Asemade, no documento entregado á SXMIT propoñen a convocatoria dunha serie de axudas que van dende axudas económicas para a instalación deste tipo de servizos ata axudas á creación de empresas tecnolóxicas, pasando por subvencións e becas de formación neste tipo de proxectos.

Estas propostas, que a xuízo dos seus precursores *"favorecerán o desenvolvemento dun importante sector empresarial en Galicia e a calidade de vida da cidadanía"*, serán examinadas agora polo Goberno galego, a fin de desenvolver ou desbotar as que consideren viables.

Ikea dá unha de cal e unha de area na súa aposta polo galego

Se hai dun centro comercial do que se fala estes días, e se cadra de máis, é sen lugar a dúbidas de Ikea. Aínda a risco de sermos insistentes, cómpre sinalar que a firma sueca querer buscar publicidade de balde até no seu peculiar xeito de apostar pola lingua dos países onde se vai asentando, sendo o noso o máis recente en incorporarse a través do emprazamento aberto na Coruña. Se hai uns meses falabamos en Código Cero dos bos agoiros, lingüisticamente falando, que acompañaban a chegada da compañía, agora toca constatar que os deberes semellan estar a medio facer. Deste xeito, a compañía cumpre o seu compromiso coa nosa lingua no seu micro espazo web sobre a tenda da Coruña, pero parece esquecelo con outras canles de comunicación como o seu asistente virtual.

Así nolo fixeron saber dende Chuza! antes do seu cese de actividade, para quen estamos perante un caso de discriminación, e máis se temos en conta que o dito asistente si que aparece noutros idiomas cooficiais do Estado, como o éuscaro ou o catalán. Asemade, o galego non ten presenza nos cartaces da tenda, cousa que (insistimos) non acontece en Euskadi ou en Catalunya.

Excelencia galega

20 compañías do noso eido TIC reciben importantes pulos internacionais ao seu bo labor

Redacción

O auditorio da Zona Franca de Bouzas (Vigo) acolleu os días pasados a entrega dunha serie de recoñecementos ao traballo ben feito en diversas materias vinculadas á xestión empresarial e á innovación dentro do sector das novas tecnoloxías. Máis polo miúdo, o acto consistiu na achega de certificados de ISO 20000 e ISO 27001 ligados a sistemas de seguridade nos datos a un total de 20 empresas, practicamente

todas ligadas a Ineo, entidade galega que reúne a máis de 80 firmas do noso tecido tecnolóxico-dixital. A cita, que constitúe o cumio dun proxecto estatal para favorecer a implantación de avais de calidade que foi coordinado por Ineo, contou coa presenza de Jorge Cebreiros Arce, director desta entidade, e máis dos representantes en Galicia de EQA, DNV e AENOR, que fixeron entrega dos certificados ISO 20000 e ISO 27001 ás empresas que mellor optimizaron os seus sistemas de seguridade da información nos últimos anos.

O grupo das que recibiron o segundo dos recoñecementos está constituída polas seguintes: Ultreia, Artemis, AVA, Infojoc, Avanzas, Megasyc, Nextvision, Pexego e SIGA 98. Polo que respecta ás que veñen de estrear o ISO 20000, estariamos a falar de Alnitak, Elaboro, AFI, Bahía Software, Balidea, Bonaval, Ednon, Level Telecom, Opensoft, Quobis e Ultreia.

Segundo reflicte na súa web a propia asociación Ineo nun completo artigo sobre estes logros e as vantaxes que achegan no mercado, o acto de entrega de avais dos pasados días constitúe un claro sinal de que o noso sector TIC vai polo bo camiño. Así o fixo saber o presidente de Ineo, Jorge Cebreiros, dende a Zona Franca de Vigo: "*Para nós é unha satisfacción comprobar como o proxecto que coordinamos desde hai anos segue cumprindo co fin de fomentar a implantación de sistemas de calidade en empresas galegas do sector TIC. As certificacións entregadas son unha xusta recompensa ó grandísimo esforzo realizado por estas organizacións para aplicar os estándares de calidade recollidos nestas normas e por avanzar cara ó obxectivo común: que o sector TIC de Galicia sexa recoñecido pola súa Excelencia Empresarial*".

Os eidos de actividade das compañías de Ineo, malia apoiarse nunha base común (o coñecemento dixital), son de abondo variados: hardware (fabricación de equipamentos), software (deseño e posta en marcha de programas), redes, telecomunicacións, Internet, contidos, formación ou servizos de consultoría.

Cómpre lembrar que estes recoñecementos de calidade esixen un elevado número de requirimentos, que unicamente son quen de acadar un reducido número de firmas. O Certificado ISO 20000 é unha norma que describe un conxunto integrado de procesos e un enfoque de xestión para a provisión efectiva de servizos de TI a clientes internos ou externos; mentres que a ISO 27001 é unha norma que deseña un modelo para o establecemento, implementación e mellora dun Sistema de Xestión de Seguridade da Información en calquera tipo de organización.

A European Quality Assurance (EQA), a encargada de certificar a actividade destas empresas, é unha entidade de Certificación de Sistemas de Xestión, Verificación Medioambiental, Marcado CE (Directiva de produtos da construción) e Proxectos e Xestión de I+D+i, fundada en Gran Bretaña no 1993.

Galardón para recoñecer a mellor aplicación de 2010

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) quere reforzar o seu labor de recoñecemento á innovación tecnolóxico-dixital que xorde da nosa terra. E faino, para comezar, coa convocatoria da primeira edición do Premio Ineo á Mellor Aplicación TIC, certame posto en marcha de xeito conxunto coa asociación empresarial que lle dá nome. O recoñecemento, informa AETG, será entregado durante o transcurso da XV Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (o día 3 de setembro no Hostal dos Reis Católicos de Santiago), un encontro que como o seu propio nome indica vai dirixido a reunir nun único escenario a profesionais e empresas do eido galego das novas comunicacións. Por certo que este evento tamén coincidirá coa cea de gala do Congreso FITCE, o simposio europeo das TIC que se celebrará do 1 ao 4 de setembro na mesma cidade.

O obxectivo do premio é, como se dixo, salientar a innovación galega vinculada ao coñecemento. Segundo AETG e Ineo, do que se trata é de "*apoiar as ideas e proxectos innovadores de clara aplicación tecnolóxica baseados en resultados xerados nas empresas, así como produtos e servizos xa rematados ou en fase de desenvolvemento dirixidos a impulsar o aproveitamento de resultados e/ou tecnoloxía xerada en Galicia*".

2.705 horas de formación

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia fai reconto do que deu de si o pasado curso académico

Redacción

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (cntg.xunta.es) vén de dar por concluído o curso 2009-2010 co moi bo sabor de boca e con moi boas expectativas de cara ao vindeiro ano, xa que durante o mesmo levou a cabo un total de 47 accións formativas que sumaron máis de 2.705 horas de formación e que espertaron o interese por asistir dun total de 5.397 usuarios e usuarias, un 33,83 por cento máis que no pasado curso académico.

Os cursos ofertados polo CNTG abranguen as distintas áreas do sector: *Administración de sistemas, desenvolvemento, redes, seguridade, dirección e xestión de proxectos.* Ademais, informan dende o Centro, atendendo ao seu principio de neutralidade tecnolóxica, inclúen alternativas de formación baseadas nas distintas solucións que conviven no mercado, tanto as relativas a software libre como propietario.

O número de alumnos admitidos ás accións formativas foi de 703, o que representa o 100 por cento das prazas ofertadas. Atendendo ao seu carácter de ocupado ou desempregado do traballador/a, o 52 por cento dos alumnos eran ocupados do sector privado, o 42,5 por cento desempregados e o 5,5 por cento restante pertencían ao sector público.

É preciso salientar que para acceder a calquera dos cursos impartidos polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia da Dirección Xeral de Formación e Colocación cómpre superar unha proba previa que permite seleccionar a aqueles solicitantes cos coñecementos mínimos necesarios para facer fronte aos contidos da formación que van recibir e, en paralelo, tratar de configurar grupos homoxéneos de alumnos.

Do mesmo xeito, algúns dos cursos formativos dábanlle ao alumnado a posibilidade de realizar de balde algún exame de certificación. De feito, dos 47 cursos ofertados, case o 77 por cento ofreceron esta proba.

Esta porcentaxe, segundo afirman dende o CNTG, "*chegará ata o 80 por cento na vindeira oferta formativa, na que se incrementará o número de cursos programados ata superar os 50*".

A oferta formativa correspondente a programación 2010/2011 publicarase no vindeiro mes de agosto, e está previsto que o prazo de inscrición para os cursos a celebrar no cuarto trimestre de 2010 comecen o vindeiro día 1 de setembro.

Interior do CNTG, no barrio compostelán de Conxo

Sector audiovisual

Froito dun convenio de colaboración asinado entre a Dirección Xeral de Formación e Colocación e o Clúster do Audiovisual galego, o CNTG tamén acolleu diversos cursos de formación técnica e especializada dirixidos a profesionais ocupados do sector audiovisual galego.

As accións formativas complementáronse coa celebración de diversos seminarios tecnolóxicos e xornadas informativas, sensibilizadoras ou dinamizadoras que foron posibles grazas a convenios de colaboración asinados cos distintos fabricantes tecnolóxicos, así como coas diversas asociacións empresariais e intersectoriais representativas do sector TIC galego.

É preciso salientar, polo pioneiro e innovador da iniciativa, a realización nas instalacións do CNTG do I Foro galego de Cloud Computing; a celebración do TechNet Microsoft, no que se presentaron o Windows7 e o Windows Server 2008 R2; o seminario sobre a norma ISO 27000 e a seguridade en redes e a presentación do proxecto para emprendedores LinkToStart.

Páxina web

Por outra banda, o número de visitas realizadas á páxina web do CNTG (cntg.xunta.es), no período transcorrido entre agosto de 2009, mes no que se publicou a oferta formativa, e o 18 de xuño de 2010, día no que se celebrou o derradeiro exame de certificación, acadou a cifra de 117.795 accesos, cunha media diaria de 365,82 visitas, dato que supón un incremento en canto ao número de visitas recibidas respecto ao ano anterior próximo ao 40%.

"Igalia: unha nova forma de dirixir unha empresa"

Falamos coa empresa galega Igalia sobre a súa innovación baseada en software libre, as súas achegas formativas e solidarias e os seus métodos de traballo non xerárquicos

O equipo de Igalia, fotografado por Alberte Peiteavel

Igalia, compañía galega con sedes na Coruña e Pontevedra, é unha das firmas que a nivel estatal máis certifica as capacidades comunicativas, colaborativas e empresariais do software libre. Para a empresa galega, o negocio ligado aos programas abertos hai tempo que deixou atrás as dúbidas sobre a súa viabilidade e limitacións, espallándose alén das redes e dando forma a innovadores xeitos de dirixir unha compañía. Dito doutra maneira: en empresas como Igalia xa todo se parece ao software libre. Que ninguén espere atopar nela algo que encaixe dentro da figura dun conselleiro delegado ou un organigrama vertical. A estrutura de organización de Igalia ten a altura dunha liña corrida, horizontal como o traballo das comunidades de software libre e con condicións laborais establecidas pola xente que nela traballa. Así nolo contan Alberto García e Javier Fernández, dous membros do equipo de Igalia que coinciden en definir á empresa como un equipo de traballadores que elixiron de maneira voluntaria traballar en común. Igalia é só o nome baixo o que se xuntan. Tamén falamos con eles do papel que xoga a compañía no deseño de sistemas operativos para os móbiles máis avanzados do mercado ou dos obxectivos do seu *Premio ao Mellor Proxecto de Fin de Carreira*.

-A piques de cumprir os nove anos de vida, Igalia é sen dúbidas unha das empresas máis salientables do panorama estatal no eido das tecnoloxías de software libre. Cando pensamos nisto, tendemos a representar redes e computadores e esquecemos os móbiles. Porén, a vosa actividade céntrase tanto nun eido coma no outro. Hai agora un ano fixestes pública a vosa participación no desenvolvemento da versión 2009 de Maemo, a plataforma usada no N900, móbil estrela de Nokia. Faládenos un pouco máis deste labor voso na mellora das funcionalidades dos terminais de última xeración. En que estades a traballar neste intre?

-**Javi:** O noso traballo durante o desenvolvemento do software para o N900 foi principalmente como consultores de software libre, xestionado as comunidades e dándolles forma algúns do principais compoñentes da plataforma Maemo, como o e-mail, cámara, toolkit gráfico e multimedia. Estamos a seguir de preto o negocio dos smartphones, negocio que está a evolucionar rapidamente, con novas empresas involucradas no software libre e apostando por novas plataformas tecnolóxicas. Da colaboración entre Intel e Nokia xorde a plataforma Meego, evolución dos proxectos Moblin e Maemo; o novo sistema Android de Google está baseado tamén en Linux e gran parte do software é open source. Neste intre estamos apostando forte polas tecnoloxías web, onde WebKit cobra cada vez máis importancia. Neste proxecto están actualmente involucradas grandes compañías tecnolóxicas, Apple, Google e Nokia entre outras, e conserva a súa natureza open source dende que foi publicado por Apple no ano 2005. En Igalia cremos que esta liña de negocio será unha das máis importantes nos vindeiros anos e xa temos un grupo estable de hackers traballando e colaborando co resto da comunidade WebKit.

-A cantas persoas dá emprego neste intre Igalia? En que credes que se diferenza a vosa empresa das demais en canto á calidade laboral que lles ofrecedes aos traballadores?

-**Berto**: En Igalia somos preto de 40 persoas, número que esperamos superar en breve, xa que facemos novas incorporacións con certa frecuencia.Canto ás nosas condicións de traballo, pois é difícil comparar así en xeral, porque hai de todo. Moita xente menciona cousas como a flexibilidade horaria ou a posibilidade de traballar desde calquera sitio. Evidentemente son cousas que valoramos e defendemos, pero non creo que iso sexa a chave, porque aínda que é impensable noutro tipo de industrias, o certo é que é algo máis ou menos frecuente e cada vez máis habitual en empresas que operan a través de Internet.

▲ **Máis olladas ao miolo do traballo da empresa, achegada por Alberte Peiteavel**

Para nós o realmente importante, e o que creo que máis nos diferenza da maior parte de outras empresas, é o noso modelo de organización horizontal. Esta estrutura plana fai que, entre outras cousas, as condicións laborais sexan establecidas polas propias persoas que traballamos aquí, tanto as que estabamos desde o principio como as que se uniron hai pouco.

-Faládenos mais do voso modelo de organización. Como se rexe a actividade de Igalia? Dito doutra maneira: aplicades á dirección da empresa os métodos de traballo propios do software libre, operando en mancomún e xeito non xerárquico? Contáxiase o espírito do código aberto ás relacións na empresa?

-**Berto**: O día a día en Igalia é en xeral moi parecido ao de calquera outra empresa do noso sector. Todas as persoas temos un rol definido e a iso é ao que nos dedicamos a maior parte do tempo, sexan tarefas de coordinación, programación, finanzas, etc. A diferenza principal vén á hora de tomar decisións xa que, como dicía antes, en lugar de ter a clásica estrutura xerárquica onde hai unha minoría que opina e decide o que vai facer o resto, en Igalia todo se resolve entre todos e calquera pode propoñer o que considere oportuno coa mesma voz e o mesmo voto que os demais. Por este motivo a min non me gusta falar de que *"damos traballo a N persoas"* ou *"ofrecemos tales condicións aos nosos traballadores"*, porque somos os propios traballadores os que buscamos traballo para nós mesmos e os que decidimos as condicións. Igalia é simplemente o nome e a estrutura legal baixo a que nos xuntamos para poder facelo.

Ademais disto, e como calquera outra empresa moderna, facemos un uso extensivo das posibilidades que nos ofrece Internet, e que nos permite cousas como unha maior flexibilidade e rapidez na toma de decisións ou a capacidade de montar equipos de traballo con xente situada en distintas cidades ou países.

Como ben indicas, estas tamén son características habituais en moitos proxectos de software libre, pero é xusto recoñecer que xa estaban inventadas de antes. O ser humano sempre soubo aproveitar os avances tecnolóxicos para buscar novas formas de se comunicar e organizar. As estruturas de traballo horizontais son moi anteriores á existencia dos computadores, pero foron as posibilidades de comunicación que ofrecen as redes modernas as que permitiron que a xente puidese escribir software de forma colaborativa a escala mundial.

-É certo que unha boa parte dos beneficios de Igalia van destinados a fins sociais? Se é así, que vos move a facer isto?

-**Berto**: Xa nos inicios de Igalia unha idea chave que tiñamos todos en mente era a de combinar a sustentabilidade da empresa con obxectivos sociais. Os valores éticos son importantes para nós, e é algo que se reflicte en aspectos tan básicos como o propio modelo de organización da empresa. En canto ás doazóns que mencionas, é algo que levamos facendo desde hai uns anos. Destinamos o 0,7 por cento da nosa facturación anual a organizacións non gobernamentais con fins de todo tipo, incluíndo a protección do medio ambiente, a loita contra o cancro ou a axuda a países en vías de desenvolvemento.

Ademais deste tipo de accións, que son as que decote se asocian á idea de "fins sociais", tamén investimos diñeiro e esforzo en promover o software libre, que para nós tamén ten unha importante compoñente social. Participamos en asociacións que dunha ou outra maneira promoven ou desenvolven software libre, tanto locais (AGASOL, GPUL) como internacionais (GNOME Foundation), e financiamos e coorganizamos varios importantes eventos.

Falo da compoñente social do software libre, e un exemplo claro pódese ver a nivel local: grazas a el e a Internet hoxe en día é máis doado que nunca crear tecnoloxía e exportala ao mundo enteiro. As persoas que estamos nesta industria somos afor-

▲ **Traballando sen necesidade de estar fixos no despacho, de Alberte Peiteavel**

tunadas porque precisamos moi poucos recursos para traballar: coñecemento, iniciativa e ambición. E podemos facelo desde aquí, non é preciso emigrar para desenvolver tecnoloxía punteira. Isto é o que nos fai sacar adiante iniciativas como o Master en Software Libre, que é a nosa modesta contribución para que todo o potencial que sae das universidades saia adiante e axude á creación dun ecosistema de profesionais e empresas que se dediquen a isto. O software libre é algo positivo para o desenvolvemento local.

-O Premio ao Mellor Proxecto Fin de Carreira con Software Libre é sen dúbida unha das grandes iniciativas de Igalia a prol do pulo á programación aberta na nosa terra. Xurdiu en 2007 e tendo en conta a cantidade de experiencias que achega o código aberto en tan pouco tempo supoño que logo destes tres anos xa estaredes en disposición de facer recontodo acadado. En liñas xerais, cales son para vós os froitos máis destacables dos conseguidos con este Premio?

-**Javi**: O principal obxectivo desta iniciativa é achegar os estudantes ao software libre. Non é habitual que durante a carreira teñan a oportunidade de coñecer o funcionamento das comunidades e cómo xerar negocio arredor delas; cando rematan teñen unha visión clásica de máis da enxeñería, polo que é máis complicado que entendan os conceptos do software libre e cómo se traballa nunha comunidade. O premio tenta animar aos estudantes a publicar os seus proxectos e crear a súa propia comunidade. Nos catro anos de vida deste proxecto moitos estudantes tomaron contacto coa programación aberta, e algúns decidiron finalmente apostar por esta nova forma de crear tecnoloxía e publicaron o seu proxecto, con propostas nalgúns casos realmente interesantes.

O premio é a nosa contribución á difusión desta nova forma de crear tecnoloxía, máis xusta e motivadora, da que cada vez se fala máis en Galicia. Se cadra a implicación das empresas a nivel galego non é aínda a que nos gustaría, pero ese é un camiño longo no que cremos que se plantou a primeira semente. Esperamos que estes estudantes impoñan o cambio de modelo cando entren no mercado laboral, ou incluso creando as súas propias empresas.

-Outra desas propostas polas que é coñecida Igalia é polo Máster de Software Libre, unha actividade coa que complementades o proxecto de fin de carreira para levar aínda un pouco máis lonxe a vosa arela formativa e informativa sobre as vantaxes da programación aberta. Contádenos algo sobre o Máster, da súa evolución, dos obxectivos acadados e do que está por vir...

-**Javi**: En Igalia pensamos que a formación é fundamental para acadar a experiencia precisa para participar activamente nas comunidades e proxectos de software libre. Neste contorno, á hora de medir a túa relevancia dentro dunha comunidade, non importa tanto quen es como o que fas e a calidade coa que o fas.

O Máster é a continuación do Premio e achega o coñecemento para dominar as tecnoloxías e forma de traballo do software libre. A diferenza doutros másters, dos que pensamos que ofrecen contidos excesivamente académicos e teóricos, nos preferimos apostar por dar un enfoque práctico, máis próximo ó día a día dun desenvolvedor, plasmando a nosa experiencia á hora de elaborar o temario.

Grazas a experiencia de Igalia e as relacións que temos nas comunidades máis importantes, contamos coa colaboración de persoas salientables no negocio do código aberto en forma de charlas maxistrais, conferencias e obradoiro técnicos; algúns exemplos salientables son Carlos Guerreiro (arquitecto da plataforma Maemo de Nokia) e Richard Stallman (fundador do movemento do Software Libre, a FSF e do Proxecto GNU).

A maior parte dos estudantes do máster están agora traballando para empresas ligadas á programación aberta, ou na administración formando parte de comunidades e proxectos, participando activamente nalgunha das comunidades máis importantes, como Meego ou Gtk.

-Logo destes nove anos de actividade, que lle diriades a alguén que negase de xeito rotundo a capacidade competitiva do desenvolvemento empresarial de software libre? Hai negocio aí? Haberao no futuro?

Javi: A situación actual do mercado é moi diferente á dos primeiros anos, onde esas dúbidas tiñan máis sentido que agora, porque é certo que os inicios non foron doados, sobre todo en Galicia. As empresas non entendían ben a complexidade de facer software e rara vez sequera vían as vantaxes de implantalo no seu modelo de xestión. A dificultade era maior cando ademais tentábamos explicar as vantaxes do software libre. Tan só algunhas pequenas empresas, que por custe non podían acceder a outras tecnoloxías propietarias, achegábanse timidamente. Porén, o sistema Linux foi medrando e madurando ata que e as grandes empresas comezaron a velo como unha alternativa clara e fiable aos sistemas Microsoft. Un fito importante chegou coa aparición dos primeiros smartphones. As vantaxes económicas e técnicas foron determinantes e neste intre as principais compañías apostan por tecnoloxías open source na maioría de dispositivos.

Outro caso de éxito foi o proxecto GNOME, un dos escritorios máis coñecidos e usados sobre o sistemas baseados en Linux, tamén acadou altas cotas de popularidade ó ser seleccionado para o desenvolvemento da plataforma Maemo de Nokia, que inclúe dispositivos como o N900. Á pregunta de se hai negocio, creo que claramente si, e estamos seguros que aínda ten moito por crecer.

-É certo que a industria da programación libre é o "*comercio xusto*" da era tecnolóxica?

-**Berto**: Tanto o comercio xusto como o software libre son alternativas éticas a outros modelos establecidos, pero penso que tratan de resolver cuestións diferentes, aínda que obviamente teñen cousas en común. Eu diría que o comercio xusto pon a énfase nas condicións de traballo: que os prezos sexan axeitados, que non se explote aos traballadores, que os modelos de produción sexan sustentables... en definitiva, que as persoas poidan levar unha vida digna dedicándose ao seu traballo.

O software libre, en cambio, está máis relacionado co coñecemento científico. A idea básica é que un avance tecnolóxico como é o software non debería ser monopolio de ninguén, nin sequera do seu autor, e non deberían existir atrancos artificiais para que todo o mundo se poida beneficiar del.

Por suposto, unha consecuencia disto é que o software libre tamén serve para mellorar as condicións de traballo, que é precisamente un dos obxectivos do comercio xusto. Co software libre, os traballadores teñen o control dos medios de produción. Non é preciso pagar peaxes para innovar.

▲ **A nova ferramenta de Arteixo Telecom, que mellora a imaxe en liña ofrecida pola compañía.**

Ombro con ombro co cliente

A empresa galega Arteixo Telecom aposta por ampliar o contacto cos usuarios coa súa nova web

Redacción

Arteixo Telecom vén de remodelar a súa presenza na Rede, e faino co obxectivo de reforzar a finalidade primeira da mesma: a de establecer comunicación firme, completa e fluída con usuarios, colaboradores e provedores. A nova web, que segundo a empresa galega emprega a tecnoloxía "*máis avanzada para acadar a excelencia en calidade e servizo ao cliente*", servirá tamén como porta de entrada á plataforma de xestión de proxectos implantada na compañía. Con esta plataforma, engaden fontes da empresa con sede nas Pontes, os clientes de Arteixo Telecom poderán levar a cabo un estreito seguimento, en tempo real e dende calquera recanto do mundo, dos proxectos en marcha. "*Melloraranse así*", engade a firma, "*a comunicación, a eficacia e os prazos de resposta*".

A ferramenta en cuestión, por certo, é froito da estratexia seguida por Arteixo Telecom a prol de ofrecer "*os métodos de xestión máis avanzados, e supón un paso máis cara ao obxectivo da excelencia no servizo que pon a disposición dos seus clientes*".

A web xorde como consecuencia lóxica das novidades de innovación e de espallamento internacional anunciadas hai uns días pola empresa e reflectidas neste medio, novidades que tamén teñen que ver coa arela da máxima transparencia na información, de aí que se incrementaran os datos incluídos sobre as diferentes liñas de actividade da compañía, as súas instalacións, os sectores para os que fabrica equipamentos e sistemas e os produtos deseñados con tecnoloxía propia. No que atinxe á feitura mesma da páxina, sinalar que se poñen en xogo recursos audiovisuais, que segundo informa a compañía serven en boa medida para amosar *"a súa potente infraestrutura industrial, salientando a capacidade para cubrir o ciclo completo do produto: deseño, desenvolvemento, industrialización, fabricación, control de calidade e servizo post-venda"*.

> **"Con esta nova ferramenta, a entidade mellora a comunicación, a eficacia e os prazos de resposta"**

Desta maneira explica Jacobo Penide, director de Estratexia e Desenvolvemento de Negocio, o obxectivo da web: *"A posta en marcha do novo sitio é un paso máis na nosa política de impulsar o perfil innovador da compañía, o que nos servirá para reforzar a posición en sectores nos que somos líderes, como o ferroviario ou o sociosanitario e, amais, orientarnos cara a novos nichos de mercado, como a seguridade ou a eficacia enerxética para o fogar, o edificio intelixente, as comunicacións dixitais multimedia de alta capacidade e as solucións profesionais para operadores de telecomunicación"*.

Yolanda Varela, nova directora de Informática

O medre de Arteixo Telecom e a súa aposta polos profesionais galegos, amais de percibirse nos novos dispositivos e servizos postos en marcha (deseñados e máis desenvolvidos dende aquí), tamén se aprecia na política de nomeamentos. O máis recente é a de Yolanda Varela Liñares, que segundo informa a empresa con sede nas Pontes pasa a ocupar o cargo de directora de Informática. Dende este posto, sinala a compañía, Varela asume entre outras responsabilidades a de xestionar os servizos e infraestruturas ligadas á implantación, explotación e máis mantemento dos sistemas informáticos da firma. Amais disto, tamén se ocupará de dirixir o desenvolvemento de programas e procedementos para a mellora do fluxo de información e de adaptar os proxectos tecnolóxico-dixitais ás necesidades dos usuarios finais. Asemade, entra dentro das súas competencias o mantemento e constante mellora da web corporativa.

Varela, que vén de liderar con éxito o desenvolvemento e implantación da nova web de Arteixo Telecom (en marcha dende o pasado mes de xuño), é diplomada pola Facultade de Informática da Universidade da Coruña e forma parte do equipo de Arteixo Telecom dende 1996.

Máis en www.arteixotelecom.com

Os primeiros froitos da eAdministración

As TIC afórranlle á Deputación de Lugo ata 100.000 euros por concello

O presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, sabedor de que o futuro das distintas administracións calquera que sexa o seu tamaño reside nas novas tecnoloxías e Internet, vén de presentar o novo Centro de Proceso de Datos (CPD) da entidade pública que preside e dos concellos que se adheriron ao programa Innova-TE, emprazamento no que se dará acubillo a información dos devanditos organismos para facilitarlle á cidadanía a súa relación coa administración.

Isto permitiralles aos veciños e veciñas que residan na zona realizar ata 120 trámites a través de Internet, sen ningún outro requisito que conectarse á Rede e acceder á páxina do Centro.

Gómez Besteiro salientou que *"o CPD é o corazón do noso programa tecnolóxico, o sistema que bombeará os datos dende a Deputación ós Concellos e viceversa. É o punto de partida da e-administración na provincia, é dicir, o Km0 do noso Km@"*.

Logo das auditorías tecnolóxicas de rigor realizadas nos concellos, a Deputación constatou que só 13 municipios teñen un Centro de Proceso de Datos, malia que a lei obriga ás administracións a ter un. Asemade, a maioría dos consistorios só dispoñen dalgún servidor de escasa velocidade, sen capacidade de almacenamento, e con graves carencias en materia de seguridade. O organismo provincial pon agora a disposición dos municipios que se sumaron ao Innova-TE (un total de 50 ata o momento), un sistema de última xeración cos servidores e aplicacións imprescindibles para a implantación da Administración Electrónica na provincia.

Isto achega unha serie de vantaxes que o resto dos municipios deben ter en conta para adherirse ao Innova-TE; por unha banda a vantaxe económica xa que o programa ofrécelles aos concellos a infraestrutura de balde (aforrándolles un total de 100.000 euros) e pola outra a vantaxe da seguridade, xa que o novo Centro está controlado informaticamente cada segundo das 24 horas do día os 365 días ao ano, evitando ataques informáticos.

Este sitúase nunha cámara auto-refrixeradora que, a súa vez, atópase nunha sala acristalada no Pazo de San Marcos baixo fortes medidas de seguridade como cristais blindados ou unha entrada con acceso restrinxido. Ademais, na actualidade o organismo provincial xa traballa na instalación dun CPD de Respaldo nas instalacións da Fundación TIC no Polígono do Ceao que, en caso de accidente, actuará para que non se perda a documentación como aconteceu logo do incendio no edificio Windsor de Madrid. O presidente salientou que *"os concellos non teñen recursos para isto, e cómpre ter en conta que este corazón bombeará datos persoais, fiscais, contables, etc"*.

O presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, durante a presentación da iniciativa.

Por último, unha terceira vantaxe radica en que o CPD permitirá que máis de 1.000 persoas interactúen coa administración de forma simultánea ao estar composto por material de última xeración e de baixo consumo. Deste xeito, posúe a mesma memoria RAM que 500 ordenadores. Asemade, ten varios discos duros cunha capacidade de almacenaxe de 32.000 xigas onde se poderán gardar ata 17 millóns de libros electrónicos, ou mesmo 3,5 millóns de documentos dunhas 100 páxinas. Con este novo hardware, o organismo multiplica por 5 o espazo de almacenamento de datos actual.

Porén, o mellor de todo isto é que na Deputación pensan reciclar o antigo CPD, que seguirá dando soporte ás áreas internas de Contabilidade e Recadación.

Agora, a intención deste organismo provincial é sensibilizar á cidadanía das vantaxes da Administración Electrónica, algo que fará in situ dende o Pazo Provincial, onde as persoas que se acheguen recibirán cadanseu USB en forma de chave como símbolo dunha *"Deputación sempre aberta"*.

Colexios sobre a nube

O supercomputador Finisterrae, que alberga o CESGA, froito da estreita colaboración con HP

HP e o CESGA unen forzas a prol da aprendizaxe a distancia para a mellora das escolas rurais

Cada ano, os laboratorios de HP lanzan unha convocatoria de varios proxectos en colaboración con diversas entidades dedicadas á investigación a nivel mundial coas que tratar de mellorar algún eido do día a día de toda a cidadanía mediante o emprego das TIC. Nesta ocasión, aproveitando a tecnoloxía cloud (en nube) e as vantaxes que esta achega (servizos de xestión e colaboración apoiados pola Rede mesma e á distancia dun click), esta entidade vén de aprobar un proxecto de educación, no que colabora de preto coas áreas de e-Learning e Sistemas do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), así como outros dous realizados por unha universidade norteamericana e outra de Taiwan.

A proposta, xurdida nos HP Labs IRP 2009 Call, consiste nunha solución baseada en tecnoloxías cloud para fornecer de servizos de colaboración e de aprendizaxe en liña ás redes de Centros Rurais Agrupados.

O proxecto, que se fai chamar, Comunidades Rurais Virtuais en Cloud para Educación, conta co apoio e activa colaboración da Xunta a través de dous departamentos: a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

> **"O CESGA será o organismo encargado de implantar e avaliar, aquí no noso país, un proxecto piloto no vindeiro curso 2010-2011**

José Luís Mira Lema, Director Xeral de Educación amosouse convencido de que "*os resultados deste proxecto achegarán información de alto interese acerca do emprego da tecnoloxía cloud en educación, así como na resposta ás necesidades específicas das comunidades educativas rurais*".

O sistema de computación en nube, segundo informan os responsables do proxecto, *"é moi axeitado ás necesidades e tipoloxía específica dos Centros Rurais Agrupados (CRAs) xa que, entre outras cousas, proporciona un ensino de calidade e integra a cada centro na súa comunidade local"*.

Xa que logo, o CESGA será o organismo encargado de implantar e avaliar, aquí no noso país, un proxecto piloto no vindeiro curso 2010-2011. En concreto no CRA de Boqueixón-Vedra, coa sede principal en Lestedo, pero que integra as escolas de Lestedo, Sarandón, Sergude, San Xián de Sales, San Fins de Sales, Camporrapado I e II, as cales verán facilitado e seu acceso a recursos e ferramentas en liña.

Estas ferramentas permitirán, ademais de facilitar o traballo

colaborativo entre todos os integrantes, realizar actividades simultáneas en todos os centros *"en vivo"* a través de Internet e posibilitar que se converta nun *"centro 2.0",* sen portas nin horarios, onde a comunidade educativa poida interactuar en calquera momento.

A principal vantaxe deste modelo de software como servizo (SaaS) da tecnoloxía cloud, radica en que permite que non sexa necesario instalar o software en cada computador, senón que está accesible en Rede para todos os membros da comunidade educativa. Isto limita os custes de licenzas de software necesarios e garante que todos os recursos estean dispoñibles en todas as escolas e ordenadores onde fagan falta. Asemade, tamén reduce o número de problemas técnicos relacionados con instalacións e actualizacións de software, sabendo que estas escolas rurais non contan con persoal técnico que poida solucionar de forma inmediata estas incidencias.

O proxecto Comunidades Rurais Virtuais en Cloud para Educación, que conta cun ornamento de 67.000 euros para a súa execución, permitirá implantar e avaliar as posibilidades da tecnoloxía cloud na escola rural, onde, sobre unha plataforma tecnolóxica virtualizada e escalable, disporanse recursos, materiais e ferramentas adaptadas

á escola e as súas necesidades, posibilitando a todos os membros da comunidade educativa o acceso de forma moi sinxela a un espazo en liña a través dun navegador web, onde estarán dispoñibles os recursos e aplicacións necesarios para facilitar as actividades educativas, información e traballo en colaboración entre as diferentes escolas que pertencen a un CRA. Para iso, previamente, analizaranse as necesidades deste colectivo concreto, e desenvolveranse aquelas aplicacións ou recursos para dar resposta á súa situación.

En que consiste o cloud computing?

Computación cloud (ou en nube) é un tipo de tecnoloxía de recente aparición que permite acceder a unha serie de servizos informáticos e responder a necesidades do usuario de forma flexible e personalizada, a través de Internet. Os usuarios, neste caso, os membros da comunidade educativa (nenos, pais, profesores), poderán acceder a todos os servizos dispoñibles no sistema (aplicacións, recursos, etc.) sen necesidade de ser expertos ou ter que instalar ningún programa específico, posto que todos estes recursos e servizos execútanse en servidores remotos na nube (é dicir, en Internet).

Un CRA é un centro público situado no ámbito rural, que imparte educación infantil e primaria, e que ten a particularidade de que está composto por varios centros en pobos ou aldeas distintas (entre 5 e 15), pero que funciona como unha única escola a nivel administrativo e funcional. Este modelo funciona desde os anos 90 en España, e deu viabilidade ao mantemento das antigas escolas unitarias en poboacións nas que quedaban poucos nenos para xustificar un centro con todos os recursos necesarios para cada pobo, á vez que proporcionando un ensino de calidade e cun modelo de centro moi integrado na súa comunidade local.

Sobre o CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha Fundación participada pola Xunta de Galicia e polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Desde a súa creación en 1993, o CESGA ten a misión de contribuír ao avance da ciencia e a técnica mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, en colaboración con outras institucións, para beneficio da sociedade. O CESGA é unha Infraestrutura Científico-Tecnolóxica Singular recoñecida polo Ministerio de Ciencia e Innovación (MICINN). O equipamento xestionado por CESGA contou con financiamento da Xunta de Galicia, CSIC, MCINN e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Máis información:

Para obter máis información sobre esta iniciativa pode contactar con María José R. Malmierca na Área de e-Learning do Centro de Supercomputación de Galicia: 981569810 e-learning@cesga.es ou, en HP, Jim Vanides, Responsable do programa de educación a nivel mundial de HP **jim.vanides@hp.com**

A Rede que pensa nos demais

A Obra Social Caixa Galicia crea unha web para fomentar o voluntariado

Redacción

Solidarízate (solidarizate.obrasocialcaixagalicia.org) é unha nova páxina web creada pola Obra Social Caixa Galicia para informar e animar a participar activamente na construción dunha sociedade máis xusta. O obxectivo é canalizar as demandas activas de voluntariado, axudar ás numerosas persoas que queren colaborar con asociacións e ONG e que non saben onde dirixirse, onde poden ser máis útiles ou que posibilidades de colaboración se adaptan máis aos seus intereses ou á súa dispoñibilidade horaria.

A web, sinala a entidade financeira galega, é un paso máis na estratexia de fomento de voluntariado de Obra Social Caixa Galicia, que organizou entre abril e xullo do pasado ano a segunda edición da exposición *Solidarízate*, co obxectivo sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade que ten de persoas voluntarias e de visualizar o labor do voluntariado e as organizacións sociais. As entidades puideron captar máis de 700 novos voluntarios e deron a coñecer o seu traballo aos numerosos visitantes da exposición que ocupou céntricos espazos da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

O núcleo central de Solidarízate é o voluntariado. As persoas interesadas en facer voluntariado poden encontrar na páxina máis de 170 actividades nas que se necesita colaboración. Para facilitar a busca preséntanse organizadas por provincias e por temas: integración social, cooperación ao desenvolvemento e medio, avogados para asesorar persoas sen recursos en Cáritas, profesor de canto para montar un coro en Equus Zebra, condutores de furgonetas en Asprona ga para trasladar rapaces con minusvalía a actividades, colaborar na acollida e acompañamento de peregrinos no albergue centro de Don Bosco en Santiago, na tenda de comercio xusto de Solidariedade Internacional, ou acompañar a persoas con minusvalía no seu tempo de ocio en Artefíos, entre outros son necesidades actuais das diferentes ONG.

Con Solidarízate, Obra Social Caixa Galicia quere facer chegar as propostas solidarias das ONG coas que colabora ao público xeral non profesional. 8.500 persoas reciben xa no seu correo electrónico os boletíns quincenais para coñecer diferentes propostas solidarias nas que é posible colaborar. Neste proxecto tampouco faltan vídeos nos que amosan actividades realizadas por voluntarios de calquera idade, intereses varios e diferentes niveis de implicación, información sobre viaxes organizadas por distintas ONG para colaborar cos seus proxectos, acceso ao outlet solidario Socialbid, un concurso de fotografía e información sobre moitas campañas solidarias.

Colaborando na promoción do DNI electrónico

O Goberno central, a través da entidade público-empresarial Red.es, segue a buscar novos métodos de promoción das vantaxes do DNI electrónico, logo do relativo fracaso dos postos en marcha até o de agora e, tamén (cómpre telo en conta), do claro desleixo que amosamos moitos cidadáns cara ás funcionalidades da nova tarxeta, presente xa en boa parte das carteiras da sociedade galega e española. A nova campaña de Red.es, que entre outras cousas responde ao baixo nivel de uso do DNI a través do computador (que por estas datas o ano pasado só chegaba a dous millóns e medio de operacións), parte da base de buscar todo tipo de apoios externos para reforzar a súa repercusión informativa, apoios entre os que se conta o de Caixa Galicia. A financeira concorrerá con outras trece entidades neste reforzamento dos plans de divulgación do novo DNI, que forman parte do Plan Avanza2.

Estes son os restantes apoios: PC City, Banesto, Investrónica, Megasur, Bit4Id, Albalia, Oracle, Sage, Zylk.et, Alcampo, Toshiba e Infostock (Mybyte).

O seu cometido ao abeiro da campaña será ben diverso, e en cada caso particular atenderá á especialización e á experiencia de cada participante, que abrangue o deseño de programas, a fabricación de equipos ou a venda directa dos mesmos. Deste xeito, as tarefas poderán abranguer tódolos elos da cadea de promoción: dende a distribución de equipamentos informáticos con lector de eDNI integrado á deseño de novos servizos bancarios baseados ou apoiados no seu emprego, labor que case con toda probabilidade contará coa participación directa de Caixa Galicia e Banesto.

Aliados da nosa innovación

Dezaseis proxectos TIC galegos buscaron o seu financiamento no encontro Vindeira Capital Network

Redacción

O Hotel A Quinta da Auga de Santiago acolleu os días pasados un ambicioso encontro profesional encamiñado a incrementar o financiamento para os proxectos TIC de mercado que están a coller corpo na nosa terra. A xuntanza, que se presentou como a constatación de que non tódalas billas de investimento están pechadas, arrincou cun acto de presentación perante os medios que contou coa presenza de Ricardo Capilla, director xeral de I+D, Rafael Valcarce, presidente do Cluster TIC e Antonio Rodríguez del Corral, presidente de Vindeira. O evento Vindeira Capital Network, que incluíu un bo número de relatorios e presentacións, foi organizado polo Cluster TIC de Galicia, a plataforma Vindeira e o centro Gradiant. A xuntanza, fixo saber Rodríguez, xurdiu da necesidade de atopar o impulso que precisa o potencial galego, un potencial que por desgraza, e malia a gran calidade das iniciativas que xorden del, non atopa no seu propio terreo todo o apoio que precisa.

Segundo se nos fixo saber nas sesións abertas aos medios, no encontro participaron algúns dos máis importantes investidores e impulsores de negocio do panorama TIC actual, entre os que se contan conselleiros delegados e directores de investimento de capital risco e business angels. Precisamente, esta presenza activa de axentes da innovación ía destinada a facer posible, entre outras cousas, unha experiencia concreta de procura de apoios, experiencia que con toda probabilidade segue aberta arestora tras esta primeira toma de contacto en Compostela (e seguirá a medio e longo prazo).

En concreto, dezaseis proxectos empresariais foron avalados polos seus responsables co fin de acadar o capital preciso e cruzar así a liña que separa as ideas das realidades. Do total de iniciativas, oito se presentaron de xeito extenso e as restantes de forma reducida. En total, os emprendedores solicitaron 10 millóns de euros dos axentes convidados, a engadir ao xa posto en xogo polas propias firmas. Todas estas iniciativas, segundo fixeron saber Valcarce e Rodríguez, contaron co aval e a garantía de ter sido elixidas polo propio sector TIC galego, a través dun proceso de escolma ao que se presentaron un total de 24 empresas con cadansúa achega. A continuación, estas foron avaliadas polo comité de Vindeira, cos mesmos métodos de traballo que empregarían os investidores. O resultado final foi de dezaseis, oito delas de primeira orde. Segundo informan dende o Cluster TIC, os proxectos abranguen un amplo abano de nichos de mercado, que van desde o e-Goberno ata as redes sociais ou o gaming.

▲ **Rafael Valcarce, Javier Guerra e Antonio Rodríguez del Corral durante a apertura oficial do evento**

Como dixemos, o Vindeira Capital Network só constitúe un primeiro movemento de algo máis amplo. A presentación destes proxectos, unida á toma continua de contactos entre uns profesionais e outros, foi dirixida en palabras de Valcarce e Rodríguez a "*crear un clima de traballo e unha rede virtual que sirva para afianzar aínda máis estas ligazóns, materializándose estas nun encontro novo a celebrar cada ano*".

Na cita tamén participou Ricardo Capilla, director xeral de I+D, quen cualificou o evento de "*exemplo a seguir*" para que outras áreas, sectores ou plataformas amosen tamén a súa capacidade de emprendemento.

Javier Guerra cualifica o encontro de *"fórmula axeitada"*

Na xuntanza Vindeira Capital Network tamén fixo acto de presenza Javier Guerra, conselleiro de Economía, quen animou aos investidores a apoiar as iniciativas "serias e viables" que se dan a coñecer ao abeiro da xuntanza. Segundo sinalou, a colaboración entre os fondos de capital risco privados, as empresas e as administracións públicas é unha fórmula axeitada para impulsar o avance da economía. Guerra, que tamén destacou a importancia do sector TIC como axente dinamizador dos restantes sectores, quixo pór de manifesto a necesidade de moverse, investindo en iniciativas innovadoras, malia que os á vista dos sinais económicos a idea xeneralizada é a de non facelo.

Axentes de financiamento

Entre os responsables de financiamento que se deron cita en Santiago de Compostela houbo representantes de Active Venture Partners, Adara, Alta Partners, Bullnet, Emerxía, G8 Capital, Going, Highgrowth, Inveready, Perennius, Enisa, NEOTEC, DADE, Factoría Dixital de Ideas e Intercom. A estas quince entidades cómpre engadir axentes de capital risco galegos, como Xesgalicia, Crecentia, Unirisco e Vigo Activo.

Na Rede tamén se anda

O Camiño dos Satélites anima aos internautas a participaren na marcha xacobea a prol da accesibilidade TIC

O Camiño dos Satélites, tal e como se dixo dende esta mesma revista hai uns cantos números, é unha iniciativa dirixida a pór de relevo a necesidade de esforzármonos (todas e todos) a prol dunha Sociedade da Información que non deixe a ninguén fóra. Tomando como punto de referencia o itinerario xacobeo, a proposta foi presentada en Santiago e máis en Madrid, e entre outros apoios conta co de AGESTIC e a Fundación Tecnoloxía Social (promotoras principais da actividade) e o de personaxes de renome nos medios de comunicación, como o cantante invidente Serafín Zubiri, unha das persoas que máis se ten manifestado a prol da tecnoloxía universal. Pois ben, segundo nos fai saber a Fundación, a iniciativa non é un programa pechado e dunha única dirección, está aberta arestora ás achegas directas dos internautas.

Deste xeito, habilitouse na propia web do proxecto un formulario de inscrición para quen queira participar na proposta, que collerá corpo no Camiño de Santiago cunha marcha colectiva na que poderemos elixir o número de etapas a percorrer e que tecnoloxías nos cumpriría engadir ás que virán da man da organización.

Estas tecnoloxías son: GPS falado, audioguías, roupa para carretar dispositivos móbiles, comunicación entre peregrinos, acceso a blogs para comunicármonos cos restantes peregrinos ou seguimento da nosa evolución na Rede.

Este percorrido xacobeo-tecnolóxico está deseñado, informa a Fundación que preside o galego Enrique Varela, para unir *"a espiritualidade do mesmo coa defensa dun uso responsable das TIC, amosando cómo a tecnoloxía, usada de xeito coherente e deseñada a prol das persoas, fai máis doada a vida de todas e todos".*

Por certo que para quen desexe participar, a organización informa que terán ao seu alcance a posibilidade de participar no documental que se realizará con Serafín Zubiri.

Amais de todo o devandito, a organización ofrece:

- Apoio loxístico (o preciso para a nosa comodidade)
- Atención especializada.
- Aloxamento en albergues privados.
- Seguro de peregrino.
- Mantemento (almorzo, comidas, etc).

Durante o percorrido, un vehículo equipado con todo tipo de equipos TIC amosaralle á cidadanía das diferentes localidades polas que transcorra aquel os diferentes xeitos de facer tecnoloxía excluínte ou ben accesible para todas e todos.

O prezo será de 30 euros por etapa e persoa.

O Camiño dos Satélites 2010 comeza o 4 de outubro en Roncesvalles e remata o 4 de novembro en Santiago.

Apoios galegos

O Camiño dos Satélites vén de recibir o apoio da Xunta nun acto oficial celebrado no Centro ON de Santiago de Compostela. A iniciativa, que ten no cantante e deportista invidente Serafín Zubiri a súa principal face visible (envolto nunha peregrinación a Santiago que comezará o vindeiro 2 de outubro en RoncesValles e na que participará un nutrido grupo de persoas invidentes), contará co respaldo de até dúas secretarías xerais (Modernización e Familia e Benestar) e unha sociedade anónima galega (a de Xestión do Plan Xacobeo).

O obxectivo destes novos apoios á iniciativa de AGESTIC e a Fundación Tecnoloxía Social (FTS) é o de promover o Camiño de Santiago e máis a Internet (a fin de contas, outro camiño) como espazos de inclusión e de comunicación total para todos os colectivos.

Este é precisamente o alicerce da proposta, que entre outras cousas servirá para a presentación dunha tecnoloxía baseada en GPS e GPRS, de nome Kapten, aplicada para achegarlles aos peregrinos invidentes –a través de audio-guías- información continua sobre a súa situación e as características principais (culturais, sociais, turísticas) do treito que están a percorrer. Os informes de accesibilidade ou as audio-guías para persoas con diversidade funcional, así como a emisión do documental El Camino con Serafín Zubiri, son algunhas das actividades que se desenvolverán grazas a este proxecto.

Camino De Los Satelites

Obxectivo: a rede sen excepción

A Xunta presenta en Compostela a Axenda Dixital 2014.gal

Redacción

"Un reto sen precedentes na Administración Autonómica". Así cualificou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, a última iniciativa en materia de novas tecnoloxías desenvolvida polo noso Executivo que foi presentada a finais do pasado mes de xuño perante os medios de comunicación do país.

O programa apóiase no potencial das novas tecnoloxías e Internet para achegarlle beneficio a toda a cidadanía por igual, e sen facer ningún tipo de excepación. Algo que de cumprirse o proxecto inicial acadaría o Goberno galego nun prazo de catro anos.

Crear máis de 12.000 postos de traballo e xerar o 6 por cento do PIB son dous dos principais obxectivos desta iniciativa, a cal supón ao mesmo tempo unha oportunidade social que nos permitirá, segundo palabras do presidente, *"abandonar o vagón de cola en materia tecnolóxica e levarnos á cabeza de España e Europa"*.

Dende o neno que se conecta a Internet para recadar información de utilidade para a escola, ata a empresaria que integra a factura electrónica no seu negocio, pasando polo pai que fala cos seus fillos por videoconferencia ou o avó que se comunica cos seus amigos da infancia mediante o e-mail, todos e cada un deles sairán beneficiados coa Axenda 2014.gal, unha ferramenta que está chamada a ser un dos principais motores de crecemento do noso país nos vindeiros anos e que supón unha aposta única do Executivo para mellorar a nosa autonomía e presenza global.

Para isto, a Xunta vai investir un total de 1.600 millóns de euros, que servirán, entre outras cousas para xerar emprego e riqueza, construír unha Administración máis eficaz e próxima, capacitar a toda a cidadanía para o mercado global, modernizar as infraestruturas de telecomunicacións existentes e reducir a fenda dixital mediante a xeración de máis e mellores redes de nova xeración.

Alberto Núñez Feijóo e Mar Pereira, á esquerda da imaxe, nunha xuntanza recente cos representantes do Cluster TIC

A intención é, por unha banda, aumentar o coñecemento e a capacitación tecnolóxica dos galegos e galegas, e pola outra, modernizar a Administración para facela máis áxil e achegada á sociedade. Este segundo obxectivo, que non tería sentido sen o primeiro, fará posible que a cidadanía se relacione coas institucións de maneira totalmente telemática, as 24 horas do día e os 365 días do ano.

Para isto, e segundo indicou Feijóo, coa devandita Axenda preténdese que para o 2014, *"todos os expedientes administrativos poidan ser tramitados por Internet e o 100 por cento dos funcionarios públicos teñan competencias dixitais para conseguir unha verdadeira Administración electrónica"*.

Asemade, 2014.gal é un motor de innovación que recolle a creación dunha *"Factoría de Emprendedores TIC"* que axude a este colectivo a converter as súas ideas en materia de Tecnoloxías da Información en empresas reais; e inclúe a posta en marcha dun Sistema de Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora para que as administracións dispoñan de solucións avanzadas para fomentar a innovación no sector TIC.

Por certo que 2014.gal tamén achega solucións en materia de calidade de vida e cohesión social. Deste xeito, constituirase un Servizo Integral de Atención ao Maior, unha resposta ás crecentes necesidades no eido sociosanitario que pasa polo aproveitamento do potencial das TIC para prestar servizos no domicilio.

Así mesmo, incentivarase tamén o fogar dixital, un modelo no que se utilicen intensivamente os elementos de seguridade, confort e aforro enerxético baseados nas TIC. O que significa: servizos de teleasistencia, maior seguridade e eficiencia enerxética.

En definitiva, todo un abano de posibilidades que levarán o noso país a cambiar o seu modelo de economía produtivo a un modelo de economía sustentable e innovador.

12.000 postos de traballo

Aumentar en 1.300 millóns a actividade económica no sector das TIC, incrementar en 1,2 puntos o peso do devandito sector no PIB e sobre todo, e máis importante, crear 12.000 postos de traballo en Galicia ata 2014 son, entre outros, os principais obxectivos que o Goberno galego quere cumprir a través da Axenda Dixital 2014.gal. Amais, mobilizará 1.600 millóns de euros até 2014 e está previsto, ao seu abeiro, multiplicar por catro os recursos dedicados á Sociedade da Informático. Estas son as cinco estratexias que sosteñen a iniciativa:

- Competencia dixital de cidades e empresas para a creación de emprego.
- Cambio fondo no modelo produtivo das nosas empresas.
- Modernización da Administración para facela máis "eficaz e próxima".
- Conversión do sector das TIC nun sector de futuro.
- A Xunta como motor das novas tecnoloxías da información.

2014.gal AXENDA DIXITAL DE GALICIA

"Ninguén pode ficar atrás na integración de Galicia na Sociedade da Información"

MAR PEREIRA

Falamos da Axenda Dixital 2014.gal con Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización

A Xunta quere facer compatible o que até de agora semella contraposto: promoción das novas tecnoloxías, integración de intereses arredor desa promoción e contención do gasto. Este é un dos alicerces da Axenda Dixital 2014.gal. Para Mar Pereira, principal responsable da Secretaría Xeral da Modernización (departamento do que xorde a Axenda), o ingrediente da cooperación foi até o de agora o gran ausente da fórmula final para potenciar as redes na nosa terra. Este "*elemento diferenciador*" vese apoiado por un movemento paralelo ao outro lado da liña que separa o público do privado. Falamos da posta en marcha de diversas frontes comúns dende o empresariado galego, como o Cluster TIC de Galicia, entidade co que Modernización mantén un diálogo constante. Con todo, as implicacións activas da Axenda Dixital non fican aí. Segundo apunta Mar Pereira, abranguen a participación directa de toda a cidadanía galega.

-Se hai algún adxectivo que lle podamos pór á Axenda Dixital 2014.gal é o de ambicioso. De feito, contémplase no mesmo a achega de redes para todas e todos os galegos, sen excepción, nun prazo de catro anos. Como vai facer nese tempo o Goberno galego o que non se conseguiu até agora e que, realmente, semella que só conseguiron levar a cabo os países máis desenvolvidos de Europa?

-Somos conscientes de que as iniciativas desenvolvidas ata o de agora na área das novas tecnoloxías non semellan ter acadado o retorno agardado e cremos que para conseguir este obxectivo hai que modificar hábitos e actitudes que implican fomentar a cooperación, buscar o aliñamento de intereses comúns, e integrar vontades. Este é o principio que rexe as actuacións que se están a pór en marcha en materia de novas tecnoloxías e, especialmente, 2014.gal Axenda Dixital, que nace con vocación de elemento diferenciador para acadar obxectivos máis ambiciosos pero reais e sen perder de vista o actual marco de austeridade e contención do gasto.

A elaboración da Axenda Dixital non foi un traballo illado senón que foi parello á posta en marcha de diferentes medidas para incorporar a Galicia á Sociedade da Información, xa que a Comunidade non podía esperar para avanzar na implantación efectiva das tecnoloxías da información en todos os seus ámbitos. Por iso, un dos primeiros pasos foi a posta en marcha do Plan de Banda Larga 2010-2013 para facer realidade que o 100% dos galegos teñan unha conexión á Internet de calidade e que é a base imprescindible para a implantación da Administración electrónica, o impulso das TIC nas

pequenas e medianas empresas e a capacitación dixital da sociedade e, en definitiva, a base que posibilitará o desenvolvemento da estratexia tecnolóxica global de Galicia.

As claves deste plan son o despregue de infraestruturas de telecomunicacións; a potenciación do actual operador público Retegal, poñendo en valor toda a infraestrutura pública actual e o impulso de redes de nova xeración capaces de garantir velocidades de conexión de ata 100Mbps, que están chamadas a ser elementos imprescindibles para o desenvolvemento empresarial e a xeración de emprego en Galicia na nova economía do coñecemento

Actualmente xa se publicaron as ordes, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento das infraestruturas previstas e o Consello da Xunta aprobou a finais de abril unha encomenda da Secretaría Xeral de Modernización á empresa pública Retegal por un importe de ata 34 millóns de euros con cargo aos presupostos dos exercicios 2010, 2011, 2012 e 2013.

-Polo que respecta ao impulso económico, o plan tamén é ambicioso. Preténdese entre outras cousas tirar partido das novas tecnoloxías para crear 12.000 postos de traballo e xerar o 6% do PIB, con todo o que de positivo ten para os restantes sectores a boa saúde do tecnolóxico-dixital. Significará isto a transición definitiva da economía galega dende actividades ligadas aos sectores primarios cara a uns piares produtivos baseados nos servizos e no coñecemento?

-Estou convencida da necesidade de transformar e articular os axentes do hipersector TIC para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores chave para Galicia. Na Axenda Dixital un dos obxectivos prioritarios encamíñase a impulsar o hipersector TIC para que sexa un soporte á competitividade do país á vez que se consolida como un sector internacionalizado e cun peso significativo na economía galega.

No intre actual as novas tecnoloxías convértense nunha ferramenta de dobre empuxe: por un lado, melloran a eficacia das empresas e por outro, actúan como mecanismo para facilitar a innovación: facer diferentes ás empresas. As TIC son esenciais para operar axeitada e axilmente en toda a cadea de valor, e transformar as organizacións, aproveitando as novas oportunidades dos mercados emerxentes, xa que logo, como panca da innovación.

A nosa entrevistada xunto con outras destacadas personalidades, no evento Movemento Avanza

O que busca a Axenda Dixital neste ámbito é contribuír á creación de emprego e ao crecemento económico sostible de Galicia creando un novo modelo produtivo; facer máis competitivos os sectores estratéxicos de Galicia mediante a incorporación das TIC aos seus modelos de negocio e facilitar a incorporación das micropemes e autónomos á Sociedade da Información, reducindo a fenda dixital para converxer con España e Europa.

-Que papel xogará o empresariado TIC actual da nosa terra no desenvolvemento do plan, máis polo miúdo as diversas asociacións corporativas (Ineo, EGANET, AGESTIC, etc) e a alianza conxunta, o Cluster TIC de Galicia? O plan, podería ser unha realidade sen o seu apoio e compromiso?

-Vivimos nun momento no que hai que sumar e crear redes de colaboración baseadas na confianza e desde a posta en marcha desta Secretaría a colaboración entre a Administración e o sector TIC é un aspecto prioritario do noso traballo. É fundamental contar coas empresas para a posta en marcha de moitas das iniciativas previstas pola Xunta e apostamos desde o principio por manter unha comunicación constante e fluída, agradecendo de antemán as críticas e as propostas.

Partindo destas premisas, unha das primeiras decisións que tomou o actual Goberno foi comezar a traballar, hai xa máis dun ano, nunha estratexia tecnolóxica global como proxecto único que xuntara vontades e para o que se requiriu a participación activa dos diferentes axentes sociais: cidadanía, administración, sindicatos, universidades, empresas dos distintos sectores produtivos, asociacións e, por suposto, das empresas do sector das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

-Confía en que a Axenda Dixital rachará definitivamente coa fenda tecnolóxica que afasta ás cidades dos contornos rurais?

-Ninguén pode ficar atrás no proceso de integración de Galicia na Sociedade da Información e de converxencia con Europa. O perfil demográfico e económico que presenta Galicia vén dificultando o desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento na mesma medida que no conxunto de España e outra rexións de Europa. O envellecemento e a dispersión demográfica, configuran unha notable desigualdade territorial do eixo atlántico con respecto ao resto de Galicia. A menor renda familiar galega respecto ao conxunto do Estado, así como a excesiva atomización empresarial son algúns dos factores que inflúen negativamente sobre o grao de uso dos servizos dixitais, afastándonos dun escenario de converxencia.

Reverter a actual situación de desigualdade social que vive a comunidade en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións e rematar coa fenda dixital nas zonas rurais é un dos obxectivos do Plan de Banda Larga. De aí, que os primeiros pasos do plan se teñan dado na provincia de Lugo e as zonas rurais onde a falta de servizos dixitais é máis acusada. Grazas a un convenio asinado o pasado mes de maio coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) un total de 28 concellos do sur da provincia de Lugo e a súa contorna e 49 núcleos de poboación do ámbito rural de toda Galicia terán acceso á Internet de calidade a finais de 2010, grazas ao investimento que realizará a Xunta nunha primeira fase de despregamento de redes fixas e sen fíos na Comunidade. Trátase de conseguir a comunicación integral de Galicia coa banda larga.

-Cre que as empresas galegas en xeral están preparadas para adquirir competencia dixital?

-O nivel de dotación e uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas grandes e medianas é satisfactorio mentres que nas micropemes - que conforman a maior parte do tecido empresarial de Galicia - está lonxe de converxer coa media europea e do Estado. Ademais, persiste unha profunda fenda entre as pemes e as micropemes, principalmente no que respecta aos seus niveis de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede, que seguen a amosar un aparente desinterese pola oferta tecnolóxica, xa sexa por desconfianza, descoñecemento ou polo baixo risco percibido de non incorporar este tipo de solucións.

Para cambiar esta situación a Axenda Dixital contempla accións para integrar a oferta TIC coas necesidades das empresas dos diferentes sectores estratéxicos de Galicia e conseguir que as fagan súas mediante o coñecemento do uso das novas tecnoloxías e o seu modo de utilización.

O primeiro paso é achegar as novas tecnoloxías aos empre-

sarios mediante medidas sensibilizadoras para difundir o seu coñecemento e xerar confianza. Neste proceso tamén xogará un papel moi importante o asesoramento e o acompañamento, e polo tanto a figura dos titores tecnolóxicos asociados á rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que axudarán a coñecer a situación das empresas identificando cales son as súas necesidades concretas, facilitarán o desenvolvemento das capacidades tecnolóxicas e impulsarán a implantación de procesos e produtos innovadores e axeitados aos seus mercados.

Ademais o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia actuará como demostrador de solucións TIC, converténdose en punto de encontro entre o sector TIC e as pemes e autónomos que demanden novas solucións para a mellora da súa competitividade. Por outra banda, porase en marcha unha Factoría de Emprendedores TIC, que achegará unha oferta integral de servizos aos emprendedores – agregando nun punto único os xa existentes en diferentes órganos e completándoos – que permita transformar as ideas TIC en empresas reais. Posibilitará crear un mercado de iniciativas emprendedoras TIC, ao que concorran emprendedores, investigadores, usuarios – empresas e administracións – e inversores, todo para impulsar de xeito decidido a creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica a partir do emprendemento.

-Do mesmo xeito, e xa centrándonos no sector TIC, cre vostede que as compañías deste eido están preparadas para achegar coñecemento dixital?

-Un dos grandes retos da Axenda Dixital en canto ao sector TIC está ligado á especialización das empresas en segmentos altamente innovadores e co desenvolvemento dos mercados nos que actúan. Para lograr estes obxectivos Galicia debe apostar por definir un marco de cooperación dentro do sector, entre as empresas tractoras e as empresas altamente especializadas: cooperar para competir.

Partindo da atomización que caracteriza ao sector empresarial TIC galego, a cooperación estable e complementaria entre empresas, permitirá abordar proxectos de maior entidade e con maior capacidade competitiva. Temos tamén que conseguir que as empresas de dimensións máis relevantes xoguen un papel de dinamización e impulso a proxectos tractores e innovadores potenciando a colaboración con outros sectores produtivos de xeito que demos resposta activa a novas demandas do mercado.

Ademais, é necesario facer fronte á falta de cultura emprendedora e ao medo ao fracaso tan presente na nosa comunidade e concentrar a oferta de apoio ao emprendedor, que se atopa dispersa. Queremos que Galicia sexa unha terra de emprendedores, na que as novas empresas tecnolóxicas poidan nacer, crecer e consolidarse para competir nun mercado mundial.

Na mesma liña, tamén é preciso facer de Galicia unha fonte de coñecemento tecnolóxico dende as Universidades e para os sectores estratéxicos da rexión, articulando os mecanismos necesarios para incrementar os niveis de transferencia de coñecementos tecnolóxicos ás empresas e a capacidade de transformación en produtos ou servizos innovadores.

-En que consiste, para que o entendan tódolos nosos lectores, a "*verdadeira Administración Electrónica*" da que tanto se fala na Axenda Dixital como un dos obxectivos claros a seguir? Que é o que ten a "*verdadeira*" que non teña a outra?

-Desde o Goberno galego concibimos a Administración Electrónica como unha obriga dentro da estratexia de impulso ás novas tecnoloxías en todos os ámbitos da sociedade. A eAdministración é unha demanda desde o momento en que todos os cidadáns son potenciais usuarios dela directa ou indirectamente en calquera dos seus ámbitos, local, autonómico ou estatal e esixen uns servizos de calidade sen distinción do nivel administrativo.

Partindo destas premisas, o obxectivo recollido na Axenda Dixital é ir do concepto da Administración electrónica ao concepto de eGoberno, avanzando na modernización da administración e non só na súa informatización. A introdución das tecnoloxías debe supoñer unha mellora do servizo que se presta á cidadanía e un incremento na xestión eficiente dos recursos públicos, asumindo o reto da interoperabilidade, facilitando a vida á cidadanía mediante a mellora dos servizos prestados en ámbitos como: sanidade, xustiza, benestar incrementando o volume do colectivo atendido -maior alcance dos servizos-, a introdución de novas funcionalidades no servizo. Ademais, a introdución das TIC na Administración debe servir para garantir uns servizos públicos homoxéneos en todo o territorio mediante a colaboración entre as administracións públicas.

Un dos obxectivo do Plan de Modernización da Administración é acadar o 100% da tramitación en liña dos procedementos administrativos no 2013. No 2011 o 100% dos procedementos da directiva de servizos (aqueles procedementos vinculados a emprendedores) e o 20% das subvencións poderanse tramitar a distancia, como vía alternativa á xestión presencial. A previsión para o presente ano é a eliminación da petición de documentación básica ao cidadán (como o DNI ou o certificado AEAT), reducindo procedementos e xestións.

Todos os galegos teñen dereito a dispoñer duns servizos públicos cun nivel de calidade axeitado, sen existir diferenzas pola situación xeográfica. Ademais as administracións deben colaborar, por exemplo, compartindo coñecementos, infraestruturas e investimentos tecnolóxicos para garantir un servizo público homoxéneo en toda Galicia. Desta forma, contribúese ao arraigamento das persoas e evítase a despoboamento das zonas menos accesibles. A tecnoloxía debe ser un factor moi importante para romper o illamento histórico dalgunhas comarcas cuxa orografía dificultou unha comunicación fluída e a disposición duns servizos públicos accesibles.

-Vemos que na Axenda Dixital se inclúen unha boa cantidade de recursos e obxectivos dirixidos a favorecer a entrada dos nosos maiores na Sociedade da Información. En que lles pode beneficiar esta entrada? Que lle diría vostede a unha persoa maior que prefire seguir vivindo lonxe das redes e que sostén que non lle van servir para nada?

-O achegamento dos maiores ás novas tecnoloxías está a ser moi gratificante, porque se lles presenta a oportunidade de conectarse coas novas xeracións. Neste sentido, é fundamental o papel da Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), que permite a adhesión de calquera outra institución que teña aulas e queira beneficiarse do Plan de Alfabetización Dixital que ofertará este ano 2.000 cursos de 14 categorías temáticas diferentes, dos que se beneficiarán 13.000 persoas. Precisamente, unha das categorías formativas é a de Administración Electrónica para formar aos asistente nas vantaxes que ofrece a relación telemática coa Administración e as posibilidades coas que contan a día de hoxe.

A Administración non só ten a obriga de poñer á disposición dos cidadáns as novas tecnoloxías da información e da comunicación senón de crear unha demanda das mesmas e para iso é esencial que o cidadán coñeza de primeira man as posibilidades que estas lle ofrecen. Nesta idea encaixa o esforzo a nivel formativo que se está a realizar.

TICs para o Gaiás

A Xunta trasladará os seus Centros de Proceso de Datos á Cidade da Cultura

Redacción

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica vén de anunciar a creación dun Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) que concentrará as funcións dos máis de 80 CPD cos que actualmente conta a Xunta de Galicia ante a súa imposibilidade de crecemento para afrontar a demanda de proxectos TIC precisos para mellorar a eficiencia da Administración galega.

O novo CPDI constituirá o que dan en chamar o "*corazón dixital de Galicia*", contribuíndo *"a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor eficiencia enerxética, gozar dunha maior flexibilidade, interoperatibidade e seguridade e simplificando a xestión da infraestrutura tecnolóxica da Xunta"*, informan dende o Goberno galego.

Agárdase que esta nova infraestrutura estea operativa no segundo semestre de 2011 nas instalacións da Cidade da Cultura (no monte Gaiás de Santiago de Compostela, onde ocupará unha superficie de 1.095 m2 repartidos en 2 andares do Edificio de Servizos Centrais), e nun informe presentado hoxe no Consello da Xunta asegúrase que suporá un aforro do 50% en enerxía, do 30% en hardware e dun 30% en mantemento do mesmo, o que concretaríase nunha redución de custos anual de 3 millóns de euros.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica tamén se trasladará ás instalacións da Cidade da Cultura, repartíndose entre o Edificio de Servizos Centrais e o Edificio do Arquivo.

Na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, Alberto Núñez Feijoo valorou positivamente esta decisión de Modernización que *"amplía a utilidade e a rendibilidade social da propia Cidade da Cultura"*, dotando á Administración galega dunha infraestrutura que contribuirá a acadar os obxectivos da Axenda Dixital 2014.gal.

A Cidade da Cultura será, en palabras do presidente da Xunta, "*unha infraestrutura unificada que dea resposta única a 1.260 centros administrativos, 1.400 centros educativos, 600 centros asistenciais e sanitarios, a 322 entidades xudiciais e a 1.500 oficinas de farmacia*". Unha infraestrutura, agregou, que prestará servizo a máis de 90.000 empregados públicos, a outras administracións públicas ou universidades e, en definitiva, a toda Galicia.

▲ **O museo da Cidade da Cultura dende fóra**

Apoio ao máster en consultoría de software libre da Uvigo

Cunha achega económica de 30.000 euros, a Secretaría Xeral de Modernización vén de anunciar o seu apoio ao uso das fontes abertas no noso país, colaborando de preto no desenvolvemento do Máster en Consultoría de Software Libre, organizado un ano máis pola Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo.

A secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, e o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, asinaron recentemente o convenio de colaboración que autoriza esta achega e compartiron a súa visión sobre este tipo de ferramentas que tanto pulo reciben dende a universidade olívica.

Dende a propia entidade académica afirman que os titulados e tituladas que cursen o Máster *"adquirirán competencias específicas en desenvolvemento de aplicacións de software libre, en implantación de ferramentas de intelixencia de negocio, así como en consultoría, administración e xestión das TIC e seguridade e protección de datos"*.

O Máster, que se divide en 6 módulos, ten diferentes obxectivos formativos, destaca sobre todo por achegar un amplo dominio das tecnoloxías de desenvolvemento de sistemas de información baseados en códigos de fontes abertas. Asemade, os alumnos e alumnas asistentes recibirán formación específica sobre as principais técnicas de planificación, xestión e control de calidade de proxectos informáticos e sobre o marco normativo e obrigacións legais relativos á seguridade dos sistemas de información e de protección de datos son outras das liñas estratéxicas do Master.



Consistorios en remodelación

Modernización dálle un novo pulo á Administración Electrónica nos concellos galegos

Concello da Pobra do Caramiñal

Cun orzamento que ascende a 9 millóns de euros, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica vén de anunciar que, coa aprobación da iniciativa eConcellos, vai "*modernizar a relación presencial das entidades locais coa cidadanía así como facilitar o uso dos servizos telemáticos destas administracións por parte dos cidadáns*".

> **"eConcellos vai modernizar a relación telemática das entidades locais coa cidadanía**

Esta iniciativa, que a secretaria xeral Mar Pereira presentou durante unha xornada sobre o desenvolvemento da eAdministración nos concellos (organizada polo Club financieiro de Vigo), ten como obxectivo simplificar e mellorar os circuítos de rexistro das institucións locais e sobre todo, sentar os alicerces dun *"desenvolvemento coordinado e sostible da eAdministración"* nas entidades devanditas.

Mar Pereira sinalou que a modernización da Administración enmárcase nas liñas de actuación de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, a estratexia tecnolóxica da Xunta coa que, co pulo das novas tecnoloxías, busca converter Galicia *"nunha Comunidade cohesionada social e territorialmente, situada na senda da creación de emprego e crecemento económico sostible e na que se posibilite o traballo en rede, o acceso ao coñecemento, e a participación activa de todos os axentes implicados"*.

Asemade, a secretaria xeral sinalou que a modernización dos concellos no ámbito tecnolóxico é un dos eixos fundamentais da aposta do Goberno galego no impulso da administración electrónica en Galicia, xa que pola súa proximidade á cidadanía as entidades locais deben ser un importante fornecedor de servizos sociais.

Un dos primeiros pasos para modernizar a relación coa cidadanía previstos na iniciativa eConcellos é, segundo indicou a titular da carteira de Modernización, *"a creación das oficinas de atención presencial ao cidadán da Xunta de Galicia, que actuarán como puntos de libre acceso e uso equipados cos medios precisos para que os usuarios poidan realizar os trámites administrativos de xeito telemático"*.

Pereira tamén anunciou que a Xunta elaborará un catálogo de a lo menos 85 procedementos telemáticos para ofertar aos concellos galegos, dos cales se irán implantando devagar os que mellor conveñan, comezando cun mínimo de 10 procedementos en 105 concellos.

Tamén se porá a disposición dos concellos a adaptación e cesión dos sistemas de licitación e facturación electrónica da Xunta para ser usados polas entidades locais e potenciar o uso da Plataforma de Contratación de Galicia e do Rexistro Xeral de Contratistas polos concellos.

Por outra banda, e xa de cara ao vindeiro ano, a iniciativa e Concellos redefinirá o modelo de rexistro do Portelo Único, existente ata agora, establecendo unha integración efectiva do rexistros públicos dixitais das entidades locais para evitar a ralentización na recepción da documentación e posterior tramitación. Este proceso de modernización suporá a dotación de equipamento aos 315 concellos e ás 4 deputacións provinciais de Galicia, cun investimento aproximado de 2 millóns de euros.

Por último, dentro das expectativas deste organismo, tamén se inclúe o afianzamento do espazo dixital EidoLocal (www.eidolocal.com) como o portal das entidades locais, potenciando os seus contidos e que o seu uso se consolide na vida diaria municipal. A web disporá dun apartado privado que baixo o epígrafe, Carpeta do Concello, permitirá que cada municipio xestione a súa relación coa Xunta así como dun espazo destinado aos servizos de apoio aos concellos e dunha xanela única da relación de servizos prestados polas entidades locais.

Concello de Val do Dubra

A primeira de 16 torres

Retegal comeza a achegar infraestrutura para levar a banda larga ao rural de Pontevedra

Redacción

Seguimos dando conta de medidas postas en marcha por distintas administracións no camiño de solucionar unha eiva que consideramos grave: a ausencia de redes de banda larga no noso rural, circunstancia que intensifica o que xa de por si é unha situación de desvantaxe social con respecto ás cidades e ás vilas. A maiores, estamos a falar dunhas carencias que non só son aplicables a Ourense e Lugo, senón tamén a amplas zonas da Coruña e Pontevedra. Nesta última provincia, precisamente, é onde se sitúa a nova actuación de despregue de redes do operador público de telecomunicacións Retegal. Máis polo miúdo, trátase da habilitación dunha nova torre de telecomunicacións no concello pontevedrés de Meis co obxectivo de espallar internet de banda larga aos núcleos do rural da contorna. A medida, que se insire nos plans de dixitalización da Secretaría Xeral de Modernización e no Proxecto Repoblar da Deputación de Pontevedra, irá complementándose en breve con outras 16 instalacións semellantes, a despregar nos concellos de Cerdedo, Oia, Cotovade, Forcarei, Mondariz, Barro, Dozón, Fornelo de Montes, Pontecaldelas, Vila de Cruces, Covelo, A Lama, Marín, Mos, Porriño e Salceda de Caselas.

Nunha segunda fase a abordar a partir do mes de setembro, informan os departamentos responsables destas achegas, acometeranse outras 18 torres adicionais.

Torre de Retegal en San Marcos, Santiago de Compostela

O proxecto, que se acompaña dun orzamento de 7,1 millóns de euros até finais de 2010, vai dirixido a darlle alicerce á actividade produtiva ligada ao subministro de servizos de redes. Deste xeito, abrangue o fornecemento da infraestrutura precisa para que os operadores privados de telecomunicacións poidan dar servizos de accesos de banda larga entre a cidadanía emprazada nas chamadas *"zonas brancas"* da provincia. Estas, para entendérmonos, son as zonas que as directivas europeas delimitan "*en branco*" por non contar con equipamentos básicos de banda larga, e nas que (a maiores) non se dan moitas opcións de recibilos.

Segundo apuntan os responsables de Retegal, o desenvolvemento das devanditas solucións *"complementarase coa instalación de radioenlaces de alta capacidade e o tendido, na provincia de Pontevedra, de 175 quilómetros de fibra óptica que se sumarán á rede xa existente, e que para a totalidade do territorio galego acadará os 1.855,35 quilómetros no primeiro semestre de 2011"*. Estes e outros equipamentos, no caso de Pontevedra, significarán o achegamento de redes cableadas de banda larga ao 80% da poboación en 2013, segundo apuntan as institucións públicas implicadas no proceso. A cobertura complementarase co desenvolvemento de Redes de Nova Xeración e con alternativas a través do satélite.

A día de hoxe e segundo se especifica nos informes do operador público, este conta na nosa terra con 140 centros de telecomunicacións, aos que hai que engadir 270 microcentros. A maiores, subliña Retegal, a extensión actual da rede de fibra óptica chega os 1.054 quilómetros.

Sobre esta infraestrutura física constituirase durante 2010 unha rede de transmisión de alta capacidade mediante tecnoloxía de última xeración con velocidades de 10 GB.

Acceso sen fíos

Outra das actuacións incluídas na iniciativa, informan as entidades que a promoven, é a extensión de redes sen fíos a todos os núcleos de máis de 100 habitantes e todos os de menor tamaño con alta demanda de servizo que non se cubran coas actuacións anteriores. No desenvolvemento desta medida conflúen as actuacións de ambas administracións. Por unha banda, a Deputación de Pontevedra, a través do Proxecto Repoblar *"achegará internet a través de redes sen fíos ao 96% da poboación de 55 dos 62 concellos da provincia"*, informan. A Administración provincial investirá 5,1 millóns de euros neste despregamento. Por outra banda, o Plan de Banda Larga da Xunta *"permitirá incrementar a cobertura da poboación total da provincia con este tipo de redes nun 8%"*, sinálase.

2014.gal AXENDA DIXITAL DE GALICIA

O terceiro idioma

O Goberno galego porá en marcha 160 centros educativos plurilingües

O Consello da Xunta vén de autorizar o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, unha iniciativa na que se investirán 51,5 millóns de euros para toda a lexislatura que beneficiarán, segundo apunta a Xunta, a máis de 40.000 alumnos. O presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, explicou que este Plan suporá *"incrementar un 150% o número de seccións bilingües –ao pasar de 720 a 1.800- e poñer en marcha os 160 primeiros centros educativos plurilingües de Galicia, nos que se impartirá ata un terzo das materias en inglés"*.

Feijóo asegurou *"que a aprobación deste Plan supón o cumprimento da palabra dada e un compromiso adicional ao Decreto do plurilingüismo, no que se garante o equilibrio entre o galego e o castelán e a potenciación da aprendizaxe dunha terceira lingua"*. E continuou: *"O noso obxectivo é que ao remate da lexislatura 40.000 alumnos de Primaria e Secundaria poidan recibir clase dalgunha materia ademais da de lingua estranxeira nun terceiro idioma, maioritariamente o inglés"*, reafirmou o presidente galego, quen explicou que esta cifra supón practicamente multiplicar por catro o número de alumnos que, ao inicio da lexislatura, recibían educación plurilingüe, 10.800.

O presidente galego fixo fincapé no orzamento despregado para esta iniciativa, 51,5 millóns de euros, e salientou os *"compromisos"* incluídos no Plan: *"Que ata 13.000 docentes se formen para adquirir competencias lingüísticas, e a multiplicación por seis do número de auxiliares de conversa nos centros educativos públicos de Galicia"*.

Obxectivo: unha educación competitiva

"Imos tratar de ter unha educación completa e unha educación competitiva", salientou Feijóo, quen abondou que na súa opinión unha educación completa consiste en garantir *"o coñecemento en igualdade das dúas linguas oficiais de Galicia, o galego e o castelán, sen renunciar a ningunha delas"*, mentres que unha competitiva supón *"abrir o ensino público galego a aquilo ao que xa está aberto o privado"*. *"É dicir, non pagar por aprender unha terceira lingua. Cremos que a aprendizaxe dunha terceira lingua debe estar financiada polos impostos que pagan os pais e as nais para levar aos seus fillos ao ensino público. Entendemos que o ensino público non pode ter en ningún caso menor calidade que o ensino privado"*, incidiu.

Para o presidente galego, a política lingüística da Xunta garante o equilibrio entre o galego e o castelán, ademais da incorporación dunha terceira lingua, e afirmou que o Goberno galego responde con este Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras *"á resposta de que é o que necesita un neno ou unha nega galegos para defenderse nun mundo globalizado"*. E proseguiu: *"A nosa resposta é o multilingüismo. Un neno e unha nena galegos necesitan saber galego e castelán porque os dous idiomas son útiles tanto para relacionarse co mundo lusófono como co mundo en español. E tamén necesita unha terceira lingua para relacionarse co de fala inglesa"*.

Feijóo sinalou que se trata dunha aposta *"que non pode esperar"*, e lembrou *"que este Plan foi maioritariamente reclamado polos pais e nais que responderon á enquisa da Consellería de Educación"*. Segundo comentou, *"nela, o 91,5% dos pais con fillos en idade escolar amosáronse a favor dunha terceira lingua"*, lembrou.

Suba mínima das taxas universitarias

O presidente da Xunta explicou outros acordos en materia educativa aprobados no Consello de Goberno, entre os que destacou a decisión do Executivo galego de subir as taxas uni-

▲ **O conselleiro de Educación, Xesús Vázquez, no Parlamento de Galicia minutos antes de presentar as liñas do proxecto Abalar**

versitarias o mínimo permitido polo Goberno central. Feijóo relatou que o Executivo central aprobou unha horquilla entre 1,5% e 5,5% de suba, entre a que a Xunta decidiu a mínima, do 1,5%.

"En época de crise intentamos que os estudos universitarios non custen máis", destacou o titular da Xunta, ao tempo que fixo destacar a autorización de dúas novas infraestruturas educativas: un centro de Infantil e Primaria en Arteixo no que se investirán 4,5 millóns e un Instituto de Educación Secundaria en Ames, no núcleo do Milladoiro, para o que se autorizou unha achega de 5 millóns de euros.

Axuda dos profesores xubilados nativos

A Consellería de Educación vai reforzar o ensino de linguas estranxeiras nos colexios e institutos do rural a través dos seniors, profesores xubilados nativos, segundo explicou o titular deste departamento nunha entrevista recente no programa Bos Días da TVG. O conselleiro anunciou que estas persoas formarán parte a partir de setembro do corpo de auxiliares de conversa que prestarán apoio a docentes dos centros plurilingües e das seccións bilingües, no marco do Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras que está a desenvolver a Consellería.

Ademais, o titular do departamento de Educación lembrou que "*é a primeira vez que se introduce esta figura en Galicia",* tras a constatación de que xa está a prestar apoio aos docentes e a participar na formación do alumnado con éxito en outras comunidades autónomas. Deste xeito, Vázquez Abad reiterou o compromiso para ao fin da lexislatura de "*ter multiplicado por 6 o número de auxiliares de conversa*" –persoas nativas dos países da correspondente lingua estranxeira-, *"ata chegar aos 450"*, polo menos un para cada centro plurilingüe ou sección bilingüe.

Por outra banda, o conselleiro Vázquez Abad fixo fincapé en que o Plan vai por a disposición dos docentes "*un itinerario formativo e as Escolas Oficiais de Idiomas, nas que poderán acreditar as súas competencias lingüísticas, ao igual que en outras institucións de recoñecido prestixio".* Asemade, o conselleiro lembrou que o profesorado poderá optar tamén a estadías formativas no estranxeiro coas que reforzar os seus coñecementos de outros idiomas.

Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística, e José Luis Mira Lema, director xeral de Educación ▼

XACOBEO 2010 Galicia

PLAN GALEGO
DE POTENCIACIÓN
GUAS ESTRANXEIRAS

XUNTA DE GALICIA

A importancia das novas tecnoloxías

Segundo fixo saber José Luis Mira Lema, director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación no programa Banda Ancha da Radio Galega (promovido polos responsables da revista Código Cero), a concorrencia das novas tecnoloxías da información será fundamental non só para formar aos alumnos en novos xeitos de comunicarse e obter formación e información, senón tamén para fortalecer o alcance do novo plan educativo das linguas. Ao seu xuízo, a Xunta xa asumiu o compromiso de vincular de maneira estreita ámbolos dous conceptos (o plurilingüísimo e as novas tecnoloxías), e no seu punto de mira está a mellora das ferramentas de aprendizaxe a distancia (e-learning) xa existentes ou o desenvolvemento de outras novas.

Neste intre, engadiu, hai xa programas informáticos en uso aos que xa se lles está a tirar partido a prol do multilinguísmo. Entre as medidas tecnolóxicas que xa están en activo nestes e outros ámbitos atópanse as que forman parte do programa galego Abalar, orientado a favorecer o afianzamento no ensino das TIC. A iniciativa Abalar, que aplica ás liñas estratéxicas da Xunta os recursos do programa estatal Escola 2.0, pon en xogo un novo emprego da aula, que pasa a ser un ámbito de formación dixital e dixitalizado. Esta aula inclúe, entre outros equipamentos, computadores persoais (ultraportátil con conexión a Internet) para alumnos e profesores, equipo para a carga dos mesmos, encerados dixitais, proxectores, etc. "*Queremos empregar as novas tecnoloxías en tódolos espazos de formación, transformando o que eran centros analóxicos en centros dixitais",* sinalou Mira Lema. O proceso de adaptación, engadiu, será progresivo, xa que é preciso adaptarse aos recursos orzamentarios dispoñibles (os que permite a crise, apuntou).

Maquiniño si, pero sen pasarse

Consellos para cando os rapaces pasan o verán enganchados ó computador

Redacción

O problema da era da tecnoloxía para a rapazada é que agora ten máis razóns para ficar na casa. En tempos, a balanza inclinábase cara as moitas cousas que se podían levar a cabo no exterior (axudadas, claro, polo menor número de coches), pero hoxe semellan pesar máis os motivos para non buscar lecer fóra do eido familiar, motivos entre os que se contan (aínda que non son os únicos) consolas, computadores, redes e, tamén, o desleixo dunha boa parte dos pais que ven nas ditas ferramentas unha boa oportunidade para que non lles rompan a cabeza. Cómpre que non se nos entenda mal: as tecnoloxías na mocidade son ben necesarias, pero até o máis necesario pode achegarnos problemas se non poñemos en xogo un pouco de mesura. En informar disto centran unha boa parte dos seus esforzos iniciativas como Adicións Dixitais, plataforma dedicada a promover o uso racional das TIC e que nestas vacacións quere salientar o desembarco masivo dos nenos e nenas cara cadanseu computador. E faino a través dun estudo no que tamén se inclúen datos sobre a realidade galega, arestora non moi diferente da do resto do Estado.

▲ **Charla de Adiccións Dixitais impartida aos alumnos de primeiro de Educación da Universidade de Navarra**

Segundo se nos conta no seu informe, a meirande parte dos case 125.000 nenos galegos de entre dez e 15 anos, arredor do 90% do total, accede ás TIC de xeito cotiá, cousa que non sería problemática de por si sempre e cando haxa algo de control pola súa parte e pola dos pais e/ou titores.

Accións Dixitais, na súa busca de maior concienciación sobre a necesidade de pór máis límites a *"este abuso"*, informa que da devandita franxa de idade, o 77,3% das rapazas e rapaces da nosa terra accederon á Rede nos últimos tres meses (o 86% a nivel estatal), taxa da que unha elevada porcentaxe fíxoo sen o menor control paterno.

Isto que é aplicable a Internet, engade, tamén se pode levar á práctica no emprego do móbil, un aparello que a día de hoxe é usado polo 68% da rapazada galega de idades comprendidas entre os 10 e os 15 anos. Segundo sinala a este respecto Juan Romero, voceiro de Adicións Dixitais, *"na longa experiencia da plataforma con alumnos, pais e mestres, temos constatado que a dedicación da mocidade galega ao lecer tecnolóxico vén de longo, esquecendo outras facetas de entretemento como a lectura ou saír á rúa"*. E prosegue: *"Durante as últimas semanas as preguntas máis frecuentes que me fan os pais galegos refírense ao que van facer os seus fillos durante os meses vindeiros; e isto vén a conto porque os rapaces asumen que vacacións e computador son o mesmo; e os pais non queren que pasen todo o día coa maquiniña, pero non saben como evitalo"*. Sobre este último punto, Adicións Dixitais quere ser clara: cómpre tomar medidas canto antes para que o dito problema non vaia a maiores. Isto, informan, poderá ser polas boas (negociando o tipo de actividades que se van a desenvolver nos meses de calor, fomentándose o diálogo entre pais e fillos sobre este punto) ou *"polas malas"* (prohibindo até onde sexa preciso o emprego intensivo das devanditas ferramentas). Para Romero, *"non se pode deixar que os rapaces, por moi boas notas que sacaran, pasen o día deitados no sofá coa Play, vendo a tele ou enganchados ao computador"*.

Máis adiante, imposible

Informamos dalgúns exemplos salientables e representativos da vangarda tecnolóxica galega

Redacción

A USC recoñece o valor da nosa innovación

A resolución da décima convocatoria do Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC (www.usc.es) vén de deixar un sabor de boca especialmente tecnolóxico-dixital. Isto vén a conto pola natureza de tódolos proxectos galardoados, en maior ou menor medida todos eles tirando partido das novas canles e recursos da información. Como por exemplo a iniciativa que foi obxecto do primeiro premio de certame (chamada Biovía, coma a empresa de I+D responsable da mesma), e que consiste na achega de novas ferramentas de biomonitorización para o control dos medios atmosférico, mariño e fluvial. A empresa, que recibiu o premio de mans do reitor da USC, Juan Casares Long, desenvolverá en breve un dos seus primeiros contornos de traballo, a marca de garantía Calidade Aire Limpo, outorgada pola Oficina de Patentes e Marcas. Amais de Biovía, o certame da Universidade de Santiago recoñeceu os valores do proxecto Moonbite, que abrangue a posta en marcha de varias liñas de deseño de videoxogos para consolas e móbiles.

Segundo fai saber a USC, diríxese Moonbite cara a posta en xogo, neste eido concreto do lecer dixital, dun factor de futuro que abre novos espazos de relación entre quen xoga (nós) e quen nolo permite (a máquina). Falamos do factor intelixencia emocional, base para acadar finalmente a empatía entre consola e xogador. Carlos Fernández, graduado en Ciencias Económicas, foi o encargado de recibir o galardón.

Polo que respecta á modalidade de Muller Emprendedora, o recoñecemento máximo foi dar á proposta Galebook, plataforma que, como o seu propio nome indica, encamíñase a favorecer o espallamento do libro galego a través dos novos formatos que pon en xogo o dixital. Máis polo miúdo, trátase dun plataforma tecnolóxica para a distribución e para a promoción de volumes dixitais na nosa lingua, atopándose entre os seus obxectivos o de converterse en colaboradora das editoriais da nosa terra.

A licenciada en Filoloxía Románica María J.Prol recolleu o galardón en nome dos seus colaboradores.

Asemade, tamén se premiou dentro da categoría Medioambiental un servizo innovador de xestión e instalación dun sistema de tratamento de fosas sépticas para a produción de biogás nas aldeas galegas (da man de Edgar Romero Lema, enxeñeiro de Montes); e dentro da modalidade de Sensibilidade Social a iniciativa iCarto, un proxecto empresarial de cartografía especializada destinada á análise de infraestruturas territoriais e á xestión de datos xeoespaciais. Os promotores son técnicos saídos do Laboratorio de Enxeñaría Cartográfica da Universidade da Coruña.

O gañador do premio Empresa Xove é o proxecto Compas.et, pola súa proposta de ofrecer ás pequenas e medianas empresas métodos de negocio, aplicacións informáticas e innovación tecnolóxica, só dispoñibles ata este momento para as grandes compañías. Esta iniciativa foi promovida por Óscar Pasaró, licenciado en Física.

O CEIT premia o traballo do investigador galego Daniel Pereira

O Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación vén de concederlle o Premio Ericsson ao mellor proxecto final de carreira en Aplicacións para Contornos Multimedia a Daniel Pereira, investigador do centro galego Gradiant e máis polo miúdo do seu grupo de Información Multimodal. A resolución do certame recoñece deste xeito o importante labor de innovación deste investigador natural da Cañiza, máis polo miúdo a través do seu proxecto Deseño dun sistema multitáctil para a Detección de Xestos con Seguimento de puntos de contacto. Pereira, quen o pasado 23 de xuño recolleu o premio persoalmente en Madrid, é titulado en Enxeñaría de Telecomunicacións, especialidade en Comunicacións, pola Universidade de Vigo en 2009.

O proxecto que salientou o COIT co dito galardón desenvolveuno durante un período de prácticas no centro Gradiant, baixo a dirección de Alfonso Villar.

Por certo que este galardón non é o único desta natureza que reciben os investigadores do centro de desenvolvemento vigués, pois cómpre lembrar que Luís Pérez Freire gañou o ano pasado o premio á mellor tese doutoral nunha das modalidades do COIT e que Daniel González Jiménez obtivo o galardón á mellor tese nunha das modalidades do certame que convoca o COETG-AETG. Asemade, Enrique Sánchez recibiu o terceiro premio polo seu proxecto final de carreira no IX Concurso de Proxectos de Expourense.

Awardesings.com: nova plataforma para pór o mellor deseño gráfico ao alcance de tódalas pemes

A nosa terra segue a envorcarse a si mesma na Rede na procura de novos eidos de actividade e de comunicación distintos ou complementarios aos tradicionais. De procurar xustamente isto, novas voces e xeitos máis universais de dialogar e crear, é do que semella tratar www.awardesings.com, unha canle para a promoción da creatividade gráfica que, segundo nos contan os responsables da súa posta en marcha, busca situar o máis preto posible a deseñadores e clientes. A plataforma funcionaría así: abríndose a internautas de todo o mundo que desexen levar a termo un proxecto de deseño gráfico concreto para que poidan presentalo na devandita web a xeito de concurso e, desta maneira, obter as propostas de creadores de toda a Rede.

Unha vez acadado o devandito punto, o cliente estará en disposición de visualizar os diferentes puntos de vista achegados, habilitando un premio para o deseñador gañador, comprometéndose o equipo da web a asegurar o pago.

"No caso do cliente, asegúramos a súa satisfacción", engaden, *"xa que se non recibe 10 propostas de 10 creativos distintos, ou malia tolas recibido opina que hai unha baixa calidade, lle devolveremos o importe íntegro"*.

Este proxecto, sinalan, vai dirixido a favorecer o desenvolvemento do crowdsourcing nos eidos galego e español, tendencia que é algo así como buscar o máximo beneficio para empresas e internautas nos seus proxectos, os primeiros procurando as propostas ideais (de calidade e accesibles dende o punto de vista do custe) no eido colectivo e os segundos tendo maiores posibilidades de que llas merquen. A páxina Awardesigns, case con total seguridade o primeiro mercado de deseño gráfico no ámbito estatal, xurdiu co obxectivo de contar no prazo dun ano con 10.000 creativos rexistrados na plataforma, espalladas/os por todo o mundo, e chegándose a unha media de 8-10 concursos novos cada día. "*Arestora*", din os responsables a iniciativa, *"levamos 15 días coa versión beta e xa acadamos unha cifra de visitas diarias que oscila entre as 150 e as 200, case 100 deseñadores gráficos e a posta en marcha do concurso do logotipo promocional para a campaña 500 Anos da Feira de Monterroso"*.

De feito, é precisamente nesta vila de Lugo onde se xerou a web, máis polo miúdo da man de Javier Martínez Castro e a súa compañía Ulla Publicidad, que previamente xa puxera en marcha iniciativas como www.promo-digitall.com (venda en liña de artigos da publicidade) ou www.bordadopoint.com, especializada en bordados publicitarios.

▲ **Welgood é a empresa responsable da posta en marcha das primeiras electroliñeiras en Galicia.**

Vigo estrea os primeiros cargadores para coches eléctricos de Galicia

Un aparcamento vigués, en concreto o de Pintor Colmeiro que xa leva máis dun ano funcionando coas máis avanzadas infraestruturas informáticas, vén de dar un paso pioneiro na historia da cidade ao apostar pola tecnoloxía limpa, grazas á instalación dos primeiros puntos de carga para este tipo de vehículos. Trátase da primeira instalación galega que ofrece este servizo, que se inaugurou hai uns días, nun acto no que tivo lugar unha demostración de subministro a un destes coches.O sistema foi desenvolvido por Wellgood, filial especializada de Eloymar Tranvías, co apoio do Centro Tecnolóxico de Galicia (CTAG).

O aparcamento con servizo de electroliñeira arrinca con tres prazas que inclúen enchufe de subministro e que, nunha primeira fase, permite repostar de balde. Máis tarde, os seus responsables informan que *"se pagará segundo o tempo de estancia, para o que se poderá empregar o mesmo caixeiro"*.

A recarga completa deste tipo de vehículos dura entre seis e oito horas, e a empresa fomentará o uso pola noite "*para non saturar a rede e apoiar as enerxías renovables*", explica Eloy García, o xerente da empresa.

Nunha segunda fase, o sistema tamén se instalará noutros aparcamentos da cidade, unha vez comprobado o bo funcionamento neste programa piloto.

A empresa tamén está a desenvolver tecnoloxía para instalar electroliñeiras na rúa, a través de postes con puntos de recarga ou ligados a cabinas telefónicas.

A Xunta, que pretende darlle pulo a este tipo de vehículos a través da instalación das primeiras electroliñeiras públicas en 2011, está a preparar un regulamento específico que será, segundo informan, *"un dos primeiros en todo o Estado"*.

O portal internacional sobre moda galega estará operativo a finais de ano

Internet coma unha pasarela os 365 días do ano. Este é un dos alicerces sobre os que se apoia a nova páxina galega posta en marcha polo Plan de Internacionalización Nova Xeración, un proxecto chamado Fashiongalicia.com que se encamiña de xeito directo a "*dinamizar o sector do deseño no noso país*", sendo a Rede un instrumento de primeira liña para poñer o noso eido téxtil perante os ollos do mundo. Ben sexan os mercados internacionais, ben o público en xeral, ben a prensa especializada.

A maiores, segundo contan os responsables da posta en marcha da web, preténdese "pórlle a etiqueta de vangarda á moda galega a través de Internet, complementando este traballo en liña cunha edición escrita en formato de revista". Entre os contidos que se van incluír, salientar a relación das principais xuntanzas da creación galega, dos deseñadores e das marcas, dándose acubillo tamén ao conxunto da oferta exportadora do sector, as noticias que este xera e as cifras máis salientables que xorden do seu seo.

A web, que estará operativa a finais de 2010, virá acompañada dunha revista bianual na que se amosarán polo miúdo as tendencias de cada tempada do deseño galego.

Loroestudio leva aos móbiles o servizo de procura de emprego de Santiago

A empresa galega Loroestudio, especializada en deseño de servizos de promoción no móbil, está a colaborar co Concello de Santiago no desenvolvemento dunha campaña dirixida a facilitar a busca de traballo entre os demandantes composteláns. A achega de Loroestudio baséase, precisamente, en tirar o máximo partido da súa experiencia en estratexias de marketing para dispositivos, como por exemplo a posta en marcha para promover nos móbiles as rutas do viño máis importantes de España, un servizo que adaptaba ao eido da enoloxía a plataforma MobiGuías da propia Loroestudio.

Pois ben, o traballo despregado co Concello de Santiago consiste en algo semellante, pero no terreo laboral, achegando ofertas de traballo e información sobre cursos e bolsas aos móbiles dos usuarios do servizo. Isto complementa ao subministro de información laboral que a Concellería de Traballo de Compostela adoita a enviar en formato pdf e papel durante os meses de verán.

Segundo informa Lolo Rey, socio-director de Loroestudio, a posta en marcha desta nova vía a través do móbil está a ter "*unha gran aceptación grazas á comodidade de recibir cada semana no teléfono as ofertas de traballo de xeito automático, e todo isto mediante unha aplicación interactiva que fica instalada nos terminais*".

Para máis información sobre esta iniciativa cómpre visitar os portais de emprego do Concello de Santiago, tanto www.feiradoempregosantiago.org como Compostela Traballa (traballa.maiscompostela.org), onde se fornece aos posibles usuarios dunha revista en pdf coas indicacións para descargar a MobiGuía adaptada a esta finalidade.

A DMR Association inclúe nas súas fileiras á galega Democom

A empresa galega Democom, especializada no deseño e implantación de novas tecnoloxías dixitais de comunicación (como por exemplo a aplicada na policía do concello de Oleiros), vén de ser admitida na DMR Association, unha entidade internacional de gran prestixio dedicada entre outras cousas a promover o uso e a mellora da tecnoloxía Digital Mobile Radio. Democom, que é a primeira compañía de todo o Estado que consegue este recoñecemento, entra na dita entidade como membro de tipoloxía 3, o que se significa que acode en calidade de provedora de servizos de rede e solucións a usuarios. As restantes categorías son as destinadas para fabricantes (1) e para subministradores de aplicacións e produtores de recursos auxiliares (2).

Para a firma galega, trátase ante todo dunha gran oportunidade para entrar en contacto cos principais representantes das radiocomunicacións a nivel mundial, abríndoselle as portas para participar nas xuntanzas que decote manteñen os membros da asociación co fin de tomar decisións estratéxicas ou definir liñas de traballo. Democom, ao ser o único membro do eido español, xa solicitou actuar como representante de tódalas firmas do Estado vinculadas ás radiocomunicacións, co fin de lograr un meirande pulo ao mercado español e ás exportacións de aplicacións de valor baseadas nas ditas tecnoloxías.

Sixtema anuncia melloras no seu servizo de creación de mapas ikiMap

A empresa galega Sixtema, da que falamos hai pouco para dar conta das vantaxes do seu ikimap.com (un servizo propio para a creación e o intercambio de mapas en liña, amais de permitir intervencións sobre os mesmos), volve á carga con novidades sobre o devandito produto que, a xuízo da firma con sede en Santiago de Compostela, poñen en xogo melloras salientables sobre o propio servizo e sobre Google Maps. Segundo se conta en Xornal.com, a idea desta reestruturación é a de permitir a entrada de algo máis cá adaptación á Rede do clásico debuxo que se fai sobre un mapa para indicar onde fica un lugar concreto. A versión mellorada de ikiMap, froito da corrección masiva de erros e da incorporación de novas ideas, conta cun aval que non é unha aval calquera: o da comunidade de internautas á que dá acubillo (milleiros de usuarios no seu primeiro ano de vida), internautas que usan a ferramenta pero tamén tentan mellorala coma se dun colectivo-obradoiro de programación se tratara.

ikiMap, que en certa maneira responde a un proceso de democratización da cartografía (proceso que sen as tendencias sociais da Rede dificilmente teriamos), está a ser empregado arestora para mellorar (á súa vez) o servizo básico de Google Maps, complementándoo con datos sobre todo tipo de emprazamentos ou roteiros, sendo o Camiño de Santiago un dos percorridos que máis atención e achegas recibe.

O funcionamento do servizo tamén se fundamenta un pouco na idea do Camiño, un percorrido de ida e volta, de aí que unha boa parte dos mapas teñan a súa orixe no Google Maps e logo se distribúan entre a comunidade de internauta con todo tipo de melloras e indicacións, do mesmo xeito que as frechas, os cartaces e as pedras amoreadas de determinada maneira fan máis doado o Camiño físico. ikiMap, que figura en galego, castelán e inglés, recibirá en breve a incorporación do éuscaro e máis do catalán, seguidos do portugués e o francés.

Galegos en banda larga

A identidade galega segue a dar mostras de boa saúde na Rede de redes

Atalaia: nova web do CCG para observar de preto a arte actual

O Consello da Cultura Galega (CCG) vén de presentar unha nova proposta en liña dirixida a pór de relevo que a arte galega é un eido en constante espallamento que vai alén de calquera límite físico museístico. A páxina en cuestión, que se apoia no acubillo infinito da Rede para ofrecer información actualizada do que acontece no creativo, xa está dispoñible cun nome que fala ás claras da súa arela de observación: Atalaia. Arte Contemporánea en Galicia (www.culturagalega.org/atalaia/). A páxina, que tamén busca achegar información inédita, foi presentada polo presidente do CCG, Ramón Villares, e a coordinadora da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporánea do Consello, María Luísa Sobrino. A xuízo desta última, o dito proxecto virtual constitúe unha panorámica sobre os creadores máis significativos da actualidade, poñendo en xogo unha canle con capacidade e potencial para reconducir a demanda de información da comunidade internauta sobre este eido en concreto.

A web contará coa participación directa de Manuel Gago (compañeiro deste medio e autor do blog Capítulo Cero), quen salientou a posta en marcha de diversos itinerarios creativos ao abeiro de Atalaia, itinerarios que dan comezo cun achegamento a Seve Penelas.

Cancións e poemas na entrega de premios de Lingua de Amor

Finalmente fíxose entrega do certame galego dirixido a promover o galego a través das novas feituras de comunicación, máis polo miúdo o tipo de galego que se usa para estreitar calquera canle ou espazo de comunicación. Falamos do certame Lingua de Amor (www.linguadeamor.eu) concurso que chegou este ano á súa cuarta edición e que pechou o sábado 26 de xuño un novo capítulo da súa historia coa cerimonia de entrega de premios en Santiago. No transcurso do acto, as/es gañadoras/es leron cadansúas declaracións feitas para o certame e interpretaron cancións en directo.

Cómpre sinalar que o concurso está organizado polo Consello da Xuventude de Galicia (CXG) e que se dirixe a promover a lingua entre a mocidade pero tamén a impulsar o emprego das novas canles de comunicación como canles perfectamente válidas para o uso do noso idioma.

Nesta edición de Lingua de Amor recoñecéronse as obras de Uxía Pérez (primeiro premio na modalidade de 14 a 19 anos), de Hugo Eiroá (segundo premio desta categoría), de Jessica Amado (terceiro), Alcira Otero (primeiro premio na categoría de 20 a 35 anos), Antonio Iglesias (segundo desta modalidade) Carme Otero (terceiro). Na sección Cancións de Amor, impúxose Pablo González con Para beber auga e viño.

En marcha a páxina do poeta Lois Pereiro

Lois Pereiro, anovador poeta monfortino falecido en 1996, xa ten espazo de seu na Rede: loispereiro.blogaliza.org. A páxina, unha achega de sinxela feitura, ten especial valor por servir de punto de información sobre a figura dun escritor sobre o que non abondan datos na Rede, se cadra polo seu carácter de autor da contracultura, se cadra porque a poesía en termos xenéricos non é nin será unha expresión maioritaria. Pereiro, que segundo fixo saber a Real Academia Galega será o vindeiro homenaxeado na festa das nosas letras, é o que de xeito común se coñece como un autor galego de culto e de vangarda, seguindo un pouco o ronsel deixado polo rianxeiro Manuel Antonio. A súa obra, sendo escasa, marcou un antes e un despois nas nosas letras.

A páxina web, como dixemos, aposta pola sinxeleza expositiva. Inclúense nela artigos recentes (como o que achega Víctor Echave sobre a figura do autor) e todo tipo de anotacións, vídeos sobre o poeta, artigos, recursos gráficos e traducións da súa obra, manuscritos e máis ligazóns a biografías (Biblioteca Virtual Galega e Galipedia). Asemade, inclúese entre outras cousas unha moi valiosa escolma fotográfica de Pereiro, con imaxes que veñen da man de Vari Caramés, Víctor Echave ou Xosé Abad.

Galebook: editora e rede social

Os libros en galego non só se len, tamén se fala deles e mesmo se fai innovación a través deles. Favorecer estes tres puntos, pero sobre todo o segundo e o terceiro é o gran obxectivo de Galebook (www.social.galebook.com), unha nova plataforma sobre a nosa cultura dixital que se dirixe entre outras cousas a darlle un emprazamento concreto a toda esa comunicación arredor dos nosos libros que fica aínda non tinteiro ou que se perde por ser maioritariamente oral. En definitiva, estamos perante un recurso a medio camiño entre o selo editorial (facendo fincapé nos novos autores, en formato electrónico ou papel) e o concepto de rede social (tratando de coller o mellor de dous mundos). A iniciativa foi posta en marcha por un equipo de editores, escritores, libreiros e lectores do noso país.

Tratándose como se trata dunha iniciativa social na Rede, a arela de participación é grande, polo que xa están abertas as canles para o envío de páxinas, capítulos e obras enteiras co fin de obter unha valoración por parte dos responsables da plataforma. Todo isto, informan, de xeito totalmente confidencial.

Por certo que no caso de que a valoración fora positiva e se dese un compromiso de publicación, o equipo de Galebook centra-

rase en dar conta dos traballos presentados en todo tipo de canles: foros, blogs, podcasts e mesmo nunha cadea de televisión propia de seu.

A proposta tamén xorde para afianzar a presenza do ebook no noso mercado literario. As descargas de obras poderán facerse en eReaders, móbiles, tablets, computadores e demais trebellos.

Galizacelta.org achega un percorrido sonoro pola nosa historia

Galizacelta.org, unha das webs máis representativas da que se entendería como Rede galega, vén de pór ao alcance da man dos internautas unha moi interesante escolma de podcasts sobre diferentes eidos temáticos do noso pasado. A achega, que descubrimos grazas á CiberIrmandade, diríxese a ofrecer un percorrido sonoro da historia galega mediante a recompilación de relatorios e declaracións dalgúns dos persoeiros máis salientables da análise actual da nosa cultura e sociedade, como por exemplo André Pena Graña (que fala entre outras cousas do celtismo galego), Paula Sánchez (xens e migracións), Marcial Tenreiro (indixenismo), Anselmo López Carreira (a desaparición do Reino de Galiza), Francisco Carballo (Idade Moderna), Ernesto Vázquez Sousa (A Francesada) ou Xosé Manuel Barbosa (intres da prehistoria da lingua).

O Concello de Ferrol pon en marcha unha web para o impulso do galego

O Concello de Ferrol quere tirar partido da Rede para impulsar o uso do galego entre a cidadanía. E faino a través de ferrolconlingua.com, unha nova web deseñada para darlle difusión ás actividades de promoción do idioma que se desenvolven dende o Gabinete de Normalización Lingüística do Concello (GNL). A web inclúe diferentes apartados (infancia, mocidade, toponimia, mercados, deportes, infancia, etc) distribuídos por separado pero presentando un alicerce común: a lingua. *"Dende o GNL"*, informan os responsables da páxina, "*traballamos para buscar unha implicación real das entidades, as organizacións, as asociacións e de todas as persoas interesadas en participar".*

Atendendo a esta declaración de intencións, a páxina web preséntase polo tanto como un espazo aberto, emisora pero tamén receptora de todo tipo de propostas para reactivar o emprego do galego en Ferrol e no seu contorno.

Telefónica ofertará máis móbiles na nosa lingua

O panorama de fabricantes e operadoras telefónicas que acheguen o galego ou o portugués en todos os seus modelos non é que sexa moi amplo, precisamente. O ronsel deixado por Alcatel, unha das empresas que máis fincapé fixo en impoñer un aquel de lóxica no mercado (con móbiles en galego para clientes galegos), non foi seguido polos restantes fabricantes e operadoras con igualdade de compromiso. Resultado: tanto che podía tocar un móbil con galego ou portugués, como un aparello con tódalas súas funcionalidades de vangarda pero precario no fundamental: a comunicación co usuario. Con todo, Telefónica semella querer coller a devandita testemuña, ou polo menos así nolo conta. Segundo fai saber a operadora, está previsto incrementar os esforzos no seo da empresa para ofertar móbiles con menú e operatividade en galego no noso mercado. A medida (anunciada xa a principios de xuño) forma parte dunha serie de actividades a desenvolver de xeito conxunto coa Xunta, colaboración da que tamén forma parte o Proxecto Glossa e iniciativas saídas del como os cursos de galego para os seus empregados.

Estes e outros proxectos foron dados a coñecer polo miúdo o pasado 12 de xullo durante a sinatura dun convenio para fomentar a lingua asinado polo director de Telefónica en Galicia e Asturias, Ignacio Aller, e o conselleiro de Educación, Xesús Vázquez Abad.

Este acordo é unha continuación do convenio establecido entre a operadora e Política Lingüística no pasado mes de abril, convenio que deu como resultado o dito Proxecto Glossa e que entre outras cousas incluía diferentes accións para promover a nosa fala e a aprendizaxe de galego entre os traballadores de MoviStar.

"*A través do convenio asinado hoxe*", sinala Educación, *"a compañía de telecomunicacións comprométese a fomentar que os móbiles dispoñan da opción do menú en galego"*. Ademais disto, engade, promoverá campañas entre os seus abonados para dar a coñecer os modelos de terminais con lingua galega. Cómpre sinalar que a día de hoxe, a operadora ten no seu catálogo galego máis de 100 móbiles con estas capacidades, a maioría deles incorporando un dicionario. As medidas asinadas, por certo, tamén inclúe a posibilidade de comunicármonos coa compañía, sexa de palabra ou por escrita, na nosa lingua, *"garantindo que exerzamos así o noso dereito a sermos atendidos en calquera das linguas oficiais"*, engade Educación. Polo que respecta á achega no acordo deste departamento da Xunta, dicir que se comprometerá a facilitar o apoio e o asesoramento técnico preciso sobre os distintos aspectos lingüísticos e terminolóxicos que se presenten, "*dando cobertura institucional a calquera iniciativa de Telefónica que teña como finalidade a promoción da lingua e a cultura galegas".*

Culturagalega.org enriquece os seus roteiros cun percorrido polas pegadas de Otero Pedrayo

O Consello da Cultura Galega quere dar continuidade á continuidade. Falamos da iniciativa posta en marcha para integrar, dun xeito único, redes dixitais, cultura galega, dispositivos de xeolocalización, etnografía e sendeirismo. O servizo Roteiros da cultura galega (www.culturagalega.org/roteiros), que xa puxo á nosa disposición itinerarios físicos e dixitais vinculados a Rosalía de Castro,

Manuel Curros Enríquez ou Uxío Novoneyra, sube un novo chanzo cun percorrido vital e literario pola figura de Ramón Otero Pedrayo. A nova proposta, coma as anteriores, vén da man do Consello e da empresa compostelá Etnoga, especializada na promoción cultural a través do emprego de ferramentas e recursos innovadores. A maiores e para este caso concreto, contouse co apoio da Fundación Otero Pedrayo.

Máis polo miúdo, trátase dun percorrido polos abondosos cenários vitais e artísticos do dito escritor galego polas terras de Amoeiro e O Ribeiro, especialmente ricas en patrimonio natural e cultural.

O roteiro convídanos no específico a pescudar as pegadas de Pedrayo e no xenérico a coñecérmonos a través de mosteiros, priorados, pontes, castros, pazos e contornos de singular beleza. A nova proposta, recibida en comunidades en liña como a chuzeira (que por certo vén de chegar a un punto morto co cese de actividade da web de Chuza!) con parabéns, acompáñase do epígrafe Á sombra de Trasalba, nome do pazo no que naceu, viviu e morreu o escritor e eixe físico e temático do percorrido, tamén coñecido como Grande de Cimadevila. Este punto de partida e remate, que alberga a sede da Fundación Otero Pedrayo, compleméntase con visitas á igrexa de San Mamede de Moldes (xoia do románico ourensán) ou a Pazos de Arenteiro, fermoso núcleo de poboación galega que ten o engadido de dispor do meirande número de pazos por metro cadrado.

Internet: un activista máis

A Rede sube un novo chanzo como escenario dalgunhas das principais mobilizacións a prol do noso medio

Cumios galegos para a nova edición de Montañas en Rede

O coidado do medio ambiente non debe nin pode rematar no contorno dos fogares. De xeito paradoxal, e para comprobalo non hai máis que percorrelos, moitos dos montes galegos teñen hoxe por hoxe problemas medioambientais máis graves e máis visibles ca unha boa parte dos espazos máis próximos ás aldeas, as vilas e as cidades. Uns cantos exemplos: a proliferación masiva do eucalipto (especie que precisa do lume para medrar e que seca e envelena os solos), a vertedura incontrolada de cascallos de todo tipo ou o trazado a esgalla de pistas e estradas que só incrementan a fragmentación dos bosques e a achega de lixo. Co obxecto de concienciar na medida do posible á sociedade sobre o problema, ADEGA e RedMontañas (www.redmontanas.org) organizaron a edición galega de Montañas en Rede, unha iniciativa reivindicativa que busca tirar partido das ferramentas dixitais para manter o mellor futuro posible para os nosos ecosistemas.

A proposta, que se celebrou a nivel estatal (incluíndo unhas vinte ascensións na nosa xeografía, dando como resultado arredor de 30 fotos, todas elas incluíndo unha visión do monte fotografado e o cartaz que acredita a adhesión á iniciativa) desenvolveuse hai uns días co seguinte epígrafe: As montañas si importan.

Entre as achegas galegas, atopamos o Alto da Lomba, o Catro Lupario, O Formigueiros, O Pedroso, O Monte Enxa ou O Pía Paxaro.

Por certo que este ano a mostra en liña acompáñase dun concurso fotográfico, cuxas bases xa podemos ver penduradas na rede. Toda a iniciativa, como dixemos, dirixese a pór de relevo os moitos obstáculos cara a conservación idónea dos nosos montes que se rexistran a día de hoxe, facéndolle saber ás administracións que é preciso pór en marcha unha protección efectiva *"alén das declaracións institucionais e dos actos propagandísticos"*.

Mobilización na Rede para salvar o Pico Vello

A Rede, tan tecnolóxica ela, serve de novo para coidar do medio. Ou, polo menos, para que se saiban polo miúdo que cousas se lle están a facer aos nosos ecosistemas. Disto e de facer fronte común é do que trata o blog picovello.blogspot.com, onde se están a pór en marcha iniciativas para evitar que a paraxe natural á que se refire o nome da bitácora, situada nas Pontes (preto das Fragas do Eume), se converta no emprazamento dunha nova mina. Os responsables do caderno, coa axuda de diversos colectivos ecoloxistas da nosa terra, están xa tirar partido da Internet para lograr, polo medio de múltiples clics, que se pare o proxecto da explotación de andalucita. En salvalaselva.org está habilitado o espazo para a protesta colectiva.

Asemade, dende Picovello pídese o reenvío masivo dos correos electrónicos onde se convida á mobilización.

A campaña, da que se nos fala tamén en Chuza!, busca como dixemos a preservación da devandita paraxe das Pontes perante o proxecto mineiro arestora en marcha, iniciativa que a xuízo dos colectivos ofrece unha serie de postos de traballo que non xustificarían a destrución dun espazo de *"gran importancia ambiental, nin moito menos o risco no que se pon a saúde da xente contaminando as augas que se empregan"*.

Cómpre lembrar que se trataría dunha mina de andalucita, un mineral apto para a fabricación de materiais que soportan altas temperaturas e que logo se aplican na construción de fornos industriais para a industria química ou petroleira. A posta en marcha dun proxecto coma este, lembran, suporía a destrución do nacemento do río Belelle, que abastece a unha boa parte das poboacións próximas. Asemade, a zona está preto do río Eume, principal achega de auga do Parque Natural ao que lle dá nome, *"o que suporía un perigo continuado para a calidade das súas augas, tanto polas emisións de po e efluentes, como pola posibilidade da rotura das balsas de decantación"*.

Confirmado o potencial do esterco para dar enerxía ás empresas TIC

As novas tecnoloxías da información, tal e como están feitas (para enlearnos), poden vincularse con calquera aspecto ou elemento da vida que nos rodea. O que non supoñiamos, é que puideran vincularse directamente cunha das materias primas máis

xeneralizadas do noso agro: o esterco. Alén da combinación tecnoloxía-purín que pode resultar dunha estancia no rural dedicada a traballos agrogandeiros promovidos logo na Rede, semella que a interrelación entre unha cousa e outra pode ser tan estreita como para manter co primeiro o bo funcionamento do segundo.

Segundo conta Xornal.com facéndose eco dun informe de HP, esta situación de simbiose estase a procurar sobre todo en Estados Unidos, onde os agricultores lácteos están a piques de verse mergullados no sector TIC grazas á bosta das súas vacas, elemento que tería un gran potencial para o subministro enerxético que precisan as grandes compañías do eido dixital.

Este, e non outro, podería ser a fonte de electricidade, limpa (até certo punto) e sostible, dos grandes centros de datos das firmas HP, Google ou Microsoft.

A iniciativa tería varias vantaxes para tódalas frontes: por unha banda permitiría a habilitación de emprazamentos tecnolóxicos no rural (onde se lle daría impulso á economía local) e, pola outra, estaríase a apostar por unha enerxía que xa existe e que é cen por cen natural e renovable.

Segundo se fai saber no informe de HP, con este sistema un produtor de leite podería "*alugar a terra e a enerxía excedente das áreas rurais ás firmas do sector TIC e recuperar o investimento en dous anos mediante os sistemas de conversión de residuos a combustible*". E continúa: "*As tecnoloxías da información e o esterco teñen unha relación simbiótica*".

O vídeo sobre a destrución do Courel vai alén do millón de visitas

Segundo nos comentan dende SOS Courel, a nosa comunidade internauta está máis interesada na conservación desta comarca galega de inculcable riqueza natural do que queren facer entender as persoas ou entidades que a ameazan. De feito, de non darse este interese dificilmente se tería superado a liña do millón de visitas co vídeo Axuda urxente para o C@urel!, peza documental que a xuízo da dita plataforma é a primeira obra galega que acada tal cifra na súa presentación en YouTube, duplicando a maiores aos seus máis inmediatos seguidores.

Para SOS Courel, trátase dun éxito mediático dende tódalas frontes, non só pola audiencia acadada en si mesma senón porque grazas á peza *"fixéronse inútiles diversas tentativas de ocultamento do proceso de destrución ao que estaba sendo sometido esta bisbarra lucense"*, sinalan.

O vídeo, por certo, foi montado por Raquel, veciña de Vigo pero con raíces na Serra do Courel, máis polo miúdo no concello de Quiroga. A directora tamén é a responsable de Terra, o tema de Luar na Lubre que acompaña ás imaxes desta paraxe natural.

A UVigo promove a reciclaxe de móbiles para salvar a selva

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo, en colaboración con Caixa Galicia e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) veñen de presentar na pasada edición do festival Vigo Transforma a campaña 1000 móbiles pola selva, iniciativa da que xa falamos nesta revista e que está promovida polo Instituto Jane Goodall. O obxectivo desta iniciativa é recadar 1000 móbiles para a súa reciclaxe e conseguir fondos para financiar programas de conservación da selva da República Democrática do Congo. A campaña, xa que logo, pon a disposición dos interesados tres puntos de recollida dos terminais situados no centro comercial A Laxe, El Corte Inglés e a Lonxa do Concello.

As entidades responsables da iniciativa, sabedoras de que moitos dos teléfonos móbiles en perfecto estado son substituídos sen reparo en canto aparecen terminais máis modernos, veñen de atoparlle unha nova utilidade aos mesmos e con este proxecto recadaran 1000 móbiles para a súa reciclaxe e reemprego, reducindo así a crecente demanda dos seus compoñentes para a industria electrónica.

A campaña 1000 móbiles pola selva permite reciclar as partes útiles dos teléfonos recollidos cun tratamento axeitado para aqueles compoñentes tóxicos e contaminantes, ao tempo que se recadan fondos para programas de conservación levados a cabo na República Democrática do Congo polo Instituto Jane Goodall.

Sistema para localizar aparcamento urbano en Internet

Nos tempos que corren, nos que o coche se converteu para moitas persoas nun obxecto de luxo case imprescindible para desprazarse a toda distancia que supere os 100 metros, faise unha odisea aparcar de xeito legal en calquera cidade ou vila e a tarefa complícase (segundo a lei de Murphy) canto maior é a necesidade de chegar a tempo a algunha cita ou evento.

A Universitat Autónoma de Barcelona (UAB), en colaboración co Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Catalunya (CITC) e coa empresa WorldSensing, veñen de desenvolver un sistema que, precisamente para evitar sorpresas desagradables á hora de aparcar, localiza prazas urbanas de aparcamento a través de dispositivos con conexión á Rede.

Trátase dunha rede de nodos (sensores sen fíos) situados nas prazas de aparcamento das zonas azuis e verdes, que detecta o espazo baleiro e transmíteo a un servidor central, o cal pode reenviar os datos a paneis informativos e conectarse dende calquera dispositivo electrónico con conexión a Internet, como teléfonos móbiles e GPS de última xeración que guían ao usuario ata o aparcamento.

É por iso que, os investigadores do proxecto, que recibe o nome de Xaloc, veñen de crear unha plataforma que lle permitirá aos concellos e aos usuarios conectarse a través de Internet e detectar a praza libre máis achegada, o que para os seus responsables, *"permitirá diminuír as emisións de CO2 e mellorar a vida dos cidadáns e cidadás"*.

Este sistema vaise aplicar en probas durante os vindeiros seis meses, e unha vez comprobado o seu funcionamento, será implantado en cidades como Barcelona, Sabadell, Sant Cugat del Vallès (Barcelona) e Barbastro (Huesca).

Con isto, ademais de permitirlle aos condutores desentenderse dos seus vehículos durante o tempo que precisen, pódese evitar a emisión de 400 toneladas diarias de CO2, grazas á redución do tempo de espera dos vehículos na procura de aparcamento, que de media nunha cidade como Barcelona acada os 15,7 minutos (tirando moi polo baixo).

O pesadelo da antena do iPhone 4

◀ **Samsung respondeu á polémica de Apple con moito humor**

Nin os prezos nin as tarifas están a ser o temas que están a dar que falar con respecto ao novo móbil de Apple, pois víronse eclipsados polo escándalo dos problemas de cobertura por mor da súa antena, que levaron a Apple a convocar unha rolda de prensa na que Steve Jobs tivo que recoñecer o fallo do deseño do seu móbil (que non puido solucionarse cunha nova versión do firmware do seu terminal como asegurara inicialmente a compañía), aínda que non o fixo con moito tacto, pois lonxe dunha simple desculpa, dedicou boa parte da súa intervención a pór exemplos doutros móbiles que hai no mercado que presentan problemas semellantes, o que é unha xustificación que non convence aos consumidores que pagan un elevado prezo polos terminais de Apple e as tarifas telefónicas mensuais que levan asociadas.

▼ **O Phone 4 cun bumper**

Con varios millóns de terminais vendidos, parece evidente que Apple non ía retiralos do mercado, e coma solución, ata o 30 de setembro a compañía de Cupertino regalará bumpers (protectores de goma que protexen o móbil ante caídas, e tamén evitan o problema coa cobertura denunciado por múltiples medios e usuarios) aos usuarios do iPhone 4 e devolverá os cartos a quen xa adquiran o accesorio. Os usuarios que non estean satisfeitos co terminal tamén terán a opción de devolvelo en 30 días.

Outro dos fallos detectados ultimamente, relativo ao sensor de proximidade, será solucionado mediante unha actualización de software, de xeito que evitarase que a cara do usuario poida chegar a cortar unha chamada ao tocar a pantalla do terminal durante unha chamada.

Os competidores negan ter problemas de cobertura

Que Apple botase balóns fóra para xustificar os problemas de cobertura do iPhone 4 apuntando que outros móbiles do mercado presentaban defectos semellantes, está a provocar unha resposta unánime da competencia, que considera inaceptable que Apple queira desviar a atención sobre os seus erros dese xeito, e incluso negan a veracidade dos exemplos que publica Apple na súa páxina web.

Dende Nokia aseguran nun comunicado que *«o deseño da antena é un asunto complexo»* no que son pioneiros (foron os primeiros fabricantes en comercializar móbiles con antenas internas) e tamén engaden que o xeito no que o usuario colle o teléfono debe terse moi en conta, algo no que parece fracasar Apple.

Dende RIM tamén están ofendidos polo feito de que Apple poña coma exemplo ao seu BlackBerry Bold 9700, e aseguran que ningún usuario dunha BlackBerry ten que empregar unha funda para utilizar o seu móbil sen problemas, mentres que dende HTC queren desacreditar a Apple por utilizar o seu Droid Eris para ilustrar o problema da antena noutros terminais, xa que a taxa de devolución deste último móbil sería do 0,016%, mentres que o iPhone 4 ten unha taxa de devolución do 0,055%.

Outro dos móbiles que Apple colocou na picota foi o Samsung Omnia II, e dende a compañía surcoreana negan que teñan problemas de cobertura, pois sitúan a súa antena na parte inferior (mentres que o iPhone 4 faino nun lateral) mantendo distancia coa man do usuario. De feito, Samsung soubo aproveitar moi ben esta polémica, e no Reino Unido decidiron regalar un Samsung Galaxy S aos usuarios do iPhone 4 que tivesen serios problemas de cobertura e incluso lanzaron uns anuncios na prensa e en lugares públicos nos que sae o seu novo móbil coa lenda «Hello», no que os eles son as barras de cobertura dun móbil.

Despois destas redaccións dá a impresión de que os competidores de Apple teñen motivos máis que fundados para reaccionar, pois non hai que esquecer que o bloqueo da antena do iPhone 4 coa man do usuario corresponde a un agarre natural coa man esquerda, mentres que replicar o efecto noutros terminais é algo que non parece tanto doado, e non parece ser percibido na práctica por usuarios finais (algo que si fixeron multitude de usuarios do iPhone 4 nos EE.UU.). De todos os xeitos non debemos esquecer que nos EE.UU. as redes 3G son claramente deficientes, polo que unha lixeira perda de cobertura pode afectar seriamente ás chamadas, mentres que en Europa será difícil poder replicar os problemas detectados por usuarios de AT&T, como xa pasou con outros móbiles problemáticos (coma o Nexus One) que non presentaron problemas no noso territorio.

▲ **Apple denuncia que outros móbiles tamén teñen problemas de cobertura ao colocar o usuario a man ao redor da súa antena**

Código QR

Vídeo promocional do novo xogo de Campeones para a Nintendo DS

CAMPEONES

Oliver y Benji estrearán xogo para Nintendo DS

Marcus Fernández

O pasado 20 de maio chegou ás tendas niponas o videoxogo para Nintendo DS Captain Tsubasa: Gekito no Jiseki, que celebra o 30 aniversario da serie de animación coñecida en España coma Campeones (ou Oliver y Benji), e que durante a celebración da Japan Expo de París confirmaron que chegará ao mercado europeo antes de rematar o ano, o que agradecerán os seguidores destas aventuras futbolísticas que tanto éxito tiveron na pequena pantalla.

O xogo ten coma título oficial en occidente Captain Tsubasa: New Kick Off e permite rememorar a etapa moza de Ozora Tsubasa/Oliver Atom, xogando os Campionatos Nacionais e os Campionatos Internacionais, aínda que agocha interesantes sorpresas coma un modo de xogo de preguntas e respostas na que hai que demostrar os coñecementos sobre a serie orixinal (manga e anime), un modo que pasaría se… no que o xogador pode crear a súa propia historia dentro da saga e incluso a posibilidade de xogar ata 4 usuarios á vez mediante Wi-Fi. Non faltan as recreacións das técnicas que tiñan os distintos xogadores, de xeito que os máis fieis a esta franquía gozarán ao ver o tiro con efecto de Oliver Atom, o tiro do tigre de Mark Lenders ou a catapulta infernal do xemelgos Derrick, tal e coma podemos ver no vídeo promocional do xogo.

FIFA 11

No FIFA 11 para Wii poderase xogar na rúa

EA Sports deu novos detalles sobre o xogo FIFA 11 que chegará ás tendas o vindeiro 1 de outubro, e que na súa versión para Wii sorprende polo feito de que, aparte dos seus partidos 11 contra 11 nos que están presentes 30 ligas oficiais, 500 equipos e máis de 15.000 xogadores para elixir, tamén será posible participar en partidos de rúa de 5 contra 5 (nos que tamén figurarán as estrelas internacionais do fútbol en exóticas localizacións que van de Londres a Brasil).

O xogo tamén incluirá novas melloras de xogabilidade, entre os que está un sistema de trucos atacante contra defensa totalmente novo, unha nova mecánica de disparo baseada en botóns, etc.

No caso do xogo na rúa, os xogadores levarán roupa urbana, terán distintos estilos de xogo e incluso poderán empregar as paredes para sortear aos contrarios ou realizar pases.

Con estas novidades é de agardar que a versión de Wii do FIFA 11 non fique nunha entrega de segunda fila, senón que sexa un título que, pese a non ter o nivel gráfico das entregas para Xbox 360 e PlayStation 3, achega modos de xogo de seu, facéndose cunha identidade que agradecerán os usuarios da consola doméstica de Nintendo.

Escolma de trebellos tecnolóxicos... para o verán

Apple leva o seu trackpad multi-táctil aos ordenadores de escritorio

Para pechar o mes de xullo Apple renovou moitos dos produtos do seu catálogo, sen mediar ningunha presentación oficial, sorprendendo especialmente o Magic Trackpad, un novo accesorio que leva o trackpad multitáctil do MacBook aos ordenadores de sobremesa o que permítelle, entre outras cousas, contar cun tamaño un 80% superior ao do trackpad do MacBook Pro (pois o espazo no escritorio non está tan limitado coma en dispositivos portátiles).

Estamos ante unha superficie fabricada en vidro que permite mover o cursor pola pantalla do ordenador coma se fose un rato, operar coma botón e incluso empregar xestos para desprazarnos en aplicacións, xirar imaxes e outras funcións dun xeito semellante a como manexamos trebellos coma o iPhone. Comunícase co ordenador por Bluetooth e curiosamente aliméntase con 2 pilas AA, o que levou a Apple a introducirse nun negocio no que non se lle esperaba: o dos cargadores de pilas (cun dispositivo que permite a carga de baterías AA de dúas en dúas e que venden por 29 euros). O Magic Trackpad, pola súa banda, está á venda por 69 euros, dando a impresión de que busca estar en sintonía co Magic Mouse (pois o rato máis avanzado de Apple tamén ten unha superficie multi-táctil), accesorio ao que aspira substituír, aínda que iso dependerá moito das preferencias dos usuarios, xa que a elección entre un trackpad e un rato non resulta doada (especialmente entre os usuarios máis afeitos a un uso intensivo do rato).

LaCie presenta memorias USB para aventureiros

Nos últimos tempos LaCie foi capaz de sorprender aos usuarios con orixinais memorias USB con forma de chave e outros inventos entre os que agora destacariamos as memorias Lacie XtremKey, que en capacidades de entre 8 e 64 Gb prometen ser ideais para os usuarios máis aventureiros, pois estamos ante un produto cunha resistencia impresionante que mantén os nosos datos protexidos de golpes, temperaturas extremas e líquidos, o que conseguen incrustando a memoria USB nunha cápsula dunha aliaxe de cinc, aluminio, magnesio e cobre de 2 milímetros de grosor que é somerxible a 100 metros, soporta caídas a 5 metros de altura, temperaturas de entre 200 e -50 graos centígrados e mesmo a presión das rodas dun camión de 10 toneladas.

Está claro que a idea non é que sometamos os nosos datos ás torturas mencionadas, pero moitos agradecerán que ao transportar información importante poidan gozar dun soporte robusto, que tampouco sacrifica rendemento, pois este tipo de unidades gozan dunha velocidade de lectura de 40 Mbytes/segundo e de escritura de 30 Mbytes/seg. Estarán dispoñibles nas tendas a partir do mes de agosto, aínda que polo momento non anunciaron o seu prezo.

Sony presenta novas cámaras compactas con capacidade 3D

A aposta de Sony polas 3D que fai nos televisores e na PS3 chega agora ás cámaras dixitais, dun xeito un tanto distinto ao que estamos afeitos, de xeito que as novas Sony TX9 e WX5 presentan un modo de toma de fotografías 3D que logo poderán verse nun televisor compatible pese a que as cámaras non teñen dúas lentes, senón que o usuario deberá mover horizontalmente a cámara para que esta rexistre unha ráfaga de 15 imaxes do que queremos retratar para darlle logo volume, o que Sony chama Sweet Multi Angle.

Estas cámaras compactas contan cun sistema avanzado de redución de ruído mediante sensores Exmor R e tamén incorporan BackGround Defocus (solución de redución da profundidade de campo que busca un certo achegamento ás cámaras réflex).

No tocante á gravación de vídeo, as novas cámaras soportan Full HD e contan con estabilizador de imaxe SteadyShot. Ambas cámaras teñen 12,2 Mpíxeles, mentres que se diferencian principalmente na súa pantalla (a TX9 ten unha de 3,2 polgadas fronte ás 2,8 polgadas da WX5) e no zoom (4x a TX9 e 5x a WX5).

Agárdase que cheguen ao mercado a mediados de setembro, e polo momento coñécense os seus prezos no Xapón, que serán de 35.000 iens (312,90 euros) para a Sony WX5 e 45.000 iens (402,30 euros) para a Sony TX9.

Ineo
Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías
da Información e a Comunicación
www.ineo.org
Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Agora é cando, Galicia é onde

25 de Xullo, día de Galicia

XACOBEO 2010 Galicia

XUNTA DE GALICIA